

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de febreiro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dous de febreiro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local acctal., Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(107).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 20 de xaneiro de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(108).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE DATA 26.01.12, DE CESAMENTO DE D. FRANCISCO JAVIER CARBALLEDA ALONSO COMO ASESOR DO GM DO PARTIDO POPULAR.

Dáse conta da resolución de data 26.01.12, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

En data 19.08.2011, esta Alcaldía ditou resolución nomeando a D. Fco. Javier Carballeda Alonso, Asesor do grupo municipal do Partido Popular, como persoal eventual a proposta do voceiro de dito grupo. Con data 26.01.2012, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular remite escrito solicitando se dite resolución do cesamento do mesmo, con efectos do día 25.01.2012.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cese do mesmo; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente RESOLVO:

Primeiro.- Cesar a D. Francisco Javier Carballeda Alonso, como asesor do grupo político municipal do Partido Popular, posto para o que foi nomeado segundo a miña Resolución do 19.08.2011, con efectos dende o día 25.01.2012.

Segundo.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local, dispoñendo igualmente a publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Vigo.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos e o grupo municipal do Partido Popular.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(109).- CANON ANUAL POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DERIVADO DA CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO OUTORGADA Á FUNDACIÓN MARCO. MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DO 16.02.2004. EXPTE. 1731/500.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

4(110).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A UTILIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL E DO VESTÍBULO ANEXO DA CASA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4396/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.01.12, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas, do 24.01.12, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural, e a concelleira da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a modificación das bases para utilización do Auditorio Municipal e do vestíbulo anexo da Casa do Concello de Vigo que de seguido se transcriben.

BASES PARA A UTILIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL E DO VESTÍBULO ANEXO DA CASA DO CONCELLO DE VIGO.

PRIMEIRA.- FINALIDADE.

O auditorio municipal e o vestíbulo anexo son dependencias municipais adscritas ao servizo de Festas da Concellería de Cultura e Festas que teñen como finalidade o desenvolvemento de actividades culturais, sociais e institucionais promovidas polo Concello de Vigo. Nas datas que as instalacións estean dispoñibles tamén poderán ser utilizadas por outras entidades públicas ou persoas, xurídicas ou físicas.

SEGUNDA.- AFORO, DATAS E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO.

O aforo do recinto é de 281 espectadores en butaca, e ata un máximo de catro prazas para persoas discapacitadas en cadeiras de rodas. Non se admite público de pé nos pasillos e accesos a platea. As persoas en cadeiras de rodas acomodaránse no espazo habilitado a tal fin na platea. O plan de autoprotección da Casa do Concello pode verse comprometido se non se respecta o aforo establecido polo que a entidade organizadora do evento é responsable do seu cumprimento.

As dependencias funcionarán de luns a venres, de 8,00 h a 14,00 h e de 16,00 a 22,00 h. Os sábados, domingos, festivos en horarios superiores ás 22,00 poderán funcionar só en función da dispoñibilidade do persoal asignado polo Concello para a súa atención.

TERCEIRA.- SOLICITUDES DE CESIÓN DE USO DAS DEPENDENCIAS.

Realizaranse a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou fax, en impreso normalizado, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto do inicio da actividade que se pretende desenvolver. As solicitudes recibidas no servizo de Festas con menos de 15 días naturais, respecto da data de utilización solicitada, serán automaticamente desestimadas e arquivadas.

CUARTA.- DATOS DA SOLICITUDE.

Na solicitude incluíranse os seguintes datos:

- a) Nome da persoa solicitante; no caso das entidades, nome do seu representante legal, ademais dos da propia entidade (nome, apelidos, cargo, enderezo completo, localidade, NIF, teléfono, correo electrónico). Sinatura do responsable da organización e da promoción da actividade.
- b) Datos da actividade (título ou denominación, autores, actores, conferenciantes, relatores, dirección técnica ou artística...).
- c) Entidades ou empresas que participan ou colaboran na actividade.
- d) Modalidade de acceso do público (entrada libre, invitación, pagamento de entrada...).
- e) Datas e horarios solicitados (inicio de montaxe, horario/-s de apertura de portas, de despacho de billetes, de comezo, de fin do desmonte...)
- f) Datos do persoal responsable durante o desenvolvemento, montaxe e desmonte do acto e número de teléfono móbil localizable en todo momento.
- g) Datos de contacto para información do público (teléfonos, páxina web, correo electrónico...).

O servizo de Festas, para resolver solicitudes, poderá solicitar datos complementarios sobre a actividade ou as persoas responsables (solvencia técnica); establecendo, en cada caso, os prazos de resposta.

QUINTA.- CRITERIOS PARA A CESIÓN DE USO.

- 1) A Concellería de Cultura e Festas dispón de prioridade na programación do auditorio.
- 2) O resto dos servizos, organismos autónomos ou dependencias municipais poderán solicitar a utilización do Auditorio para calquera actividade tendo prioridade as solicitudes relativas a actividades culturais.
- 3) Aquelas solicitudes de actividades culturais que complementen a programación sociocultural do Concello de Vigo organizadas por entidades públicas, privadas, xurídicas ou físicas.
- 4) Para as solicitudes que non sexan de carácter sociocultural, terase en conta a orde de entrada no Rexistro Xeral.
- 5) Quedan excluídas as actividades que teñan como finalidade as de venda directa, indirecta ou de promoción de artigos de consumo; as de carácter político ou doutrinal de signo partidario ou confesional; as que atenten contra os principios constitucionais, os dereitos humanos ou a lexislación vixente, e as que fosen denegadas polos órganos de goberno do Concello de Vigo.

Só se autorizarán os ensaios ou preparativos dunha actividade cando a súa finalidade sexa a realización pública nestas dependencias.

As reunións de colectivos (profesionais, sociais...), resólveas a/o concelleira/o delegada/o do área de Cultura e serán secundarias respecto á programación de actividades públicas, polo que as autorizacións que procedan non se confirmarán con máis de 20 días naturais de antelación.

SEXTA.- DURACIÓN DA CESIÓN.

O Concello de Vigo definirá o tempo de cesión, dende o momento da dispoñibilidade do local para comezar os preparativos ou montaxe das actividades ata a fin do desmante.

Non se resolverán solicitudes de actividades que supoñan compromisos de cesión de uso regular superior a dúas semanas; excepto nos casos en que a actividade programada se derive dun convenio dos organizadores co Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ACCESO DO PÚBLICO ÁS ACTIVIDADES.

As actividades que se realicen terán que ser públicas, en calquera das súas modalidades: a) entrada libre ata completar a capacidade, b) entrada con invitación ou inscrición gratuíta previa, c) con pagamento de entrada ou matrícula (con/sen inscrición previa).

Na modalidade de invitación o organizador informará á Concellería de Cultura e Festas sobre os detalles da distribución ou de acceso do público; na modalidade de inscrición previa informarse sobre o lugar e os horarios de realización.

OITAVA.- ACCESO CON PAGAMENTO.

Os organizadores das actividades están autorizados ao cobro de entrada, matrículas ou outros dereitos, as persoas asistentes, de acordo coas seguintes condicións: a) detallar na solicitude do local os prezos das entradas ou matrículas, b) detallar á Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, coa antelación necesaria, o lugar, horario e/ou sistema, para a adquisición das entradas ou formalización da matrícula, c) informar da difusión dos anteriores detalles e incluílos no material que se edite.

Nos actos programados polo Concello de Vigo con pagamento de entrada ou de matrícula os prezos regularanse polo establecido nas correspondentes ordenanzas fiscais vixentes.

Os organizadores dos actos expoñerán os prezos das entradas no lugar establecido a tal fin, dende as 9,00 horas do día de funcionamento do despacho de billetes; ademais facilitarán as

persoas usuarias un billete ou recibo do pagamento, de acordo coa normativa legal que lle resulte de aplicación.

NOVENA.- PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES.

- 1) Os organizadores asumirán integramente a produción de material gráfico para a difusión do evento a realizar.
- 2) O material de difusión que editen os organizadores das actividades indicarán no lugar e tamaño adecuado a participación da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, incluíndo o logotipo do Auditorio Municipal e as lendas que se acorden. O material editado terá que contar coa conformidade previa da Concellería de Cultura e Festas e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.
- 3) Se no financiamento ou organización da actividade interveñen outras entidades a prelación e tamaños serán proporcionais á implicación de cada unha.
- 4) A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividades será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Cultura e Festas acordará cal será a lingua empregada para a difusión noutros ámbitos. En todo caso, actuarase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo (BOE 17 de maio de 1989).
- 5) Os organizadores da actividade comprométese á utilización dunha linguaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.
- 6) Os organizadores da actividade comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade, e non só no eido privado ou familiar.
- 7) A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolda de prensa, difusión de noticias, informacións...) deberá estar previamente acordada coa Concellería de Cultura e Festas.
- 8) Os organizadores das actividades entregarán na Concellería de Cultura e Festas o número de exemplares acordado de cada elemento que se edite; establécese un mínimo de 10 unidades para os folletos e carteis.
- 9) Os organizadores da actividade facilitarán á Concellería de Cultura e Festas toda a información da actividade a desenvolver nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, vigocultura...)

DÉCIMA.- PERSOAL TÉCNICO.

O Concello de Vigo, aportará o persoal mínimo necesario para a posta en funcionamento das dependencias e a apertura de portas. Os organizadores das actividades comunicaranlle á Concellería de Cultura e Festas os datos do persoal técnico que dependa deles para a produción das actividades, que seguirá as instrucións do persoal designado pola Concellería sobre a utilización das dependencias, e terá que cumprir o estipulado nas instrucións de uso do Auditorio Municipal recollidas no Plan de Autoprotección da Casa do Concello.

A contratación de persoal que exceda o mínimo para a posta en funcionamento das dependencias, e o aluguer dos equipamentos técnicos ou escénicos que non formen parte do inventario do Auditorio correrán por conta do organizador.

DÉCIMA PRIMEIRA.- OBRIGAS DOS ORGANIZADORES DAS ACTIVIDADES.

Os organizadores e as persoas das actividades autorizadas quedan obrigados a:

1. Devolver as dependencias e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións nas que lle foran entregados polo que velarán polo seu coidado e uso

adecuado. A tal fin asinarán unha folla de compromiso de uso adecuado das instalacións. Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato tras a celebración do evento por conta da entidade.

- 2. Prestar a necesaria información e atención ao público.*
- 3. Iniciar as actividades, puntualmente, á hora anunciada ao público.*
- 4. Asumir todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material gráfico, rotulacións, gastos derivados do incorrecto uso das dependencias...).*
- 5. Comprobar con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, realizando as correccións necesarias.*
- 6. Adoptar as medidas necesarias para que en ningún caso se exceda o aforo das dependencias recollido na base segunda.*
- 7. Obter todos os permisos necesarios para o desenvolvemento das actividades e efectuar os pagamentos derivados da realización das actividades.*
- 8. Facilitar os datos á Concellería de Cultura e Festas sobre a difusión realizada polo organizador, cunha antelación mínima de 10 días naturais .*
- 9. Expoñer os prezos ao público, cando haxa pagamento de entradas ou de matrícula.*
- 10. Facilitar á Concellería de Cultura e Festas os datos do desenvolvemento da actividade.*
- 11. Que todas as actividades que se realicen sean de carácter público en calquera das súas modalidades: a) entrada libre ata completar aforo; b) entrada con invitación ou inscrición previa de balde; c) entrada previo pago do billete de entrada ou matrícula (con ou sen incrición previa).*
- 12. Comunicará Concellería de Cultura e Festas os cambios na programación prevista ou as incidencias que se produzan no desenvolvemento das actividades, no momento no que se produzan ou no primeiro día hábil. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión do espazo poderá dar lugar á modificación ou cancelación da resolución da concesión.*
- 13. Asumir toda a responsabilidade da actividade organizada (contratos laborais ou de outra índole, calidade artística e técnica, obrigas tributarias e de seguridade social, responsabilidade civil, dereitos sobre propiedade intelectual, solicitar os permisos correspondentes, cargas e descargas, instalación de elementos de publicidade e sinalización...)*
- 14. Previo ao inicio da función está obrigado á reprodución de forma íntegra da mensaxe de seguridade gravada a tal fin. Esta prohibida a colocación de elementos que poidan obstaculizar as saídas de emerxencia.*
- 15. Dar cumprimento a Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais e ao Plan de autoprotección da Casa do Concello para o uso do auditorio municipal.*
- 16. No caso de que accedan ao centro grupos de menores de idade ou grupos de persoas con minusvalía psíquica que impida o entendemento das ordes de evacuación, deberán ser acompañados por unha persoa no ratio establecido na normativa vixente.*
- 17. No caso de que accedan ao centro grupos de persoas que teñan comprometida de forma provisional ou definitiva a súa mobilidade, deberán estar acompañados dunha persoa que colabore na súa evacuación, no caso de ser necesario.*
- 18. Entregar na Concellería de Cultura e Festas a autorización da SGAE a para a venda de entradas. Non se permitirá a utilización do despacho de billetes do Auditorio sen a antedita autorización.*
- 19. Os organizadores ou responsables da actividade comprométese ao abono dos dereitos de autor que correspondan.*
- 20. Os organizadores das actividades entregarán na Concellería de Cultura e Festas no caso de que a entrada se estableza mediante venda ou invitación, un mínimo de 10 entradas.*

21. Os organizadores velarán para que as persoas que accedan ao auditorio o fagan cunha indumentaria adecuada. Non está permitido o acceso ao recinto en bañador ou co torso descuberto.

22. Os organizadores dos actos expoñerán no despacho de billetes as tarifas vixentes para cada modalidade de entrada, como mínimo a partires das 09,00 horas do día de execución do evento.

DÉCIMO SEGUNDA.- NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA O PÚBLICO.

Os organizadores das actividades velarán para que o público respecte as seguintes normas básicas:

1. Prohíbese fumar en todas as instalacións do Auditorio Municipal incluído o vestíbulo.
2. Prohíbese realizar rexistros audiovisuais (fotografías, vídeo...), sen o permiso dos organizadores da actividade.
3. Non está permitido comer ou beber nas dependencias.
4. Non está permitido o acceso de animais, a excepción de cans guía.
5. Non está permitido facer ruído ou desenvolver condutas que impidan o goce das actividades polo resto das persoas usuarias, que alteren o desenvolvemento da actividade ou que poñan en perigo a seguridade ou integridade das instalacións, mobiliario, obras ou persoas.
6. Non está permitido o acceso do público unha vez que teña comezado a función ou concerto, salvo que se produzan pausas ou intermedios que o permitan polo que prégame a máxima puntualidade ao público
7. Non está permitido a utilización de teléfonos móbiles ou calquera outro aparello electrónico durante a celebración do espectáculo ou actividade.
8. No caso de evacuación non está permitido retornar para recoller obxectos persoais.
9. Non esta permitido o acceso á platea dos carros de bebés. O organizador disporá dun servizo de consigna, suxeito a disponibilidad, de pago e con horarios restrinxidos, onde o público poderán depositar os obxectos persoais de desexen.
10. A saída do recinto implica a perda do dereito de entrar novamente.
11. O organizador resérvase o dereito de admisión condicionado a obriga a respectar as presentes bases de uso do Auditorio, así como calquera condición esixible por motivos de seguridade xeral.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DOS ORGANIZADORES DAS ACTIVIDADES.

Os organizadores das actividades terán que asumir toda a responsabilidade do seu desenvolvemento, montaxe e desmonte, diante do Concello de Vigo e de terceiros, así como a custodia e vixilancia do seu material e equipamento depositado nas instalacións.

As perdas, deterioro ou mal uso dos materiais ou instalacións cedidos serán restituídos polos organizadores no prazo determinado polo Concello. Se o Concello de Vigo acordase asumir directamente as reposicións ou reparacións reclamará aos organizadores o pagamento dos gastos xerados.

Mentres os organizadores non realicen as reposicións, reparacións ou pagamentos que procedan, o Concello de Vigo denegará futuras solicitudes de utilización das instalacións.

DÉCIMO CUARTA.- CANCELACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Cando o Concello de Vigo precise desenvolver actividades, nas dependencias citadas, en datas que estean cedidas e comunicadas a outro organizador podería revogar a autorización da cesión, procurando, de ser posible, facilitar outra data ou lugar alternativo.

Cando se produza unha cancelación dunha actividade O Concello de Vigo colaborará cos organizadores na difusión da información e, se fose o caso, aboaríaa os gastos realizados polo organizador da actividade cancelada, quen os xustificará documentalmente no prazo que se determine para cada caso, dende a notificación da cancelación.

DÉCIMO QUINTA.- COÑECEMENTO DAS BASES.

A solicitude de utilización das dependencias para unha actividade presupón que as persoas solicitantes e organizadores coñecen e aceptan as bases de utilización do auditorio.

DÉCIMO SEXTA.- XESTIÓN.

A xestión das autorizacións do auditorio municipal realizaraa o servizo de Festas da Concellería de Cultura e Festas, de acordo coas presenten bases, sen prexuízo das funcións ou competencias que lles correspondan a outras unidades do Concello (Conserxería, Policía Local...).

As unidades e servizos municipais, para o desenvolvemento da súa actividade, axustaranse a estas bases e remitirán ao servizo de Festas a información recollida na base cuarta, adaptada a cada caso.

As convocatorias de actos dos órganos de goberno do Concello de Vigo comunicaranse á Concellería de Cultura e Festas para os efectos de que se coñeza a incidencia nas actividades programadas.

O uso doutras dependencias municipais ou espazos próximos (interiores ou exteriores), que precisen os organizadores das actividades para complementalas, non está axustado a estas bases, polo que serán solicitadas independentemente polas persoas interesadas e requirirán unha resolución de autorización da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, tralos informes necesarios.

DÉCIMO SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN E INCIDENCIAS DAS BASES.

A concelleira/o delegada/o da área de Cultura e Festas queda facultada/o para interpretar e desenvolver as presentes bases, así como para resolver as incidencias que se poidan presentar; sen prexuízo das competencias dos restantes órganos de goberno do Concello.

SOLICITUDE DE UTILIZACIÓN DE USO DO AUDITORIO MUNICIPAL

Denominación da entidade solicitante ou persoa solicitante:	
Enderezo	Localidade e CP
CIF ou NIF	Teléfono e Fax correo electrónico teléfono móbil
Nome da persoa representante ou responsable da actividade:	Cargo:
NIF	Teléfono e Fax correo electrónico teléfono mobil

SOLICITA: autorización para a utilización do auditorio da Casa do Concello para desenvolver a/as actividade/s nos días e horas que se citan a continuación, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno do día

DENOMINACIÓN E RESUMO DA ACTIVIDADE:

.....

.....

- DATA/S SOLICITADA/S:
- HORARIO/S:
 - Montaxes ou ensaios (para cada un dos días solicitados):
 -
 - Apertura de portas:; Comezo:
 - Despacho de billetes:; Desmonte:

- MODALIDADE DE ACCESO DO PÚBLICO (marcar a opción elixida):
 - ^ entrada libre ata completar a capacidade; ^ entrada con invitación ou inscrición previa;
 - ^ con pagamento de entrada ou matrícula (indicar prezos e lugar e horario de distribución):

- Responsable/s de contacto da organización e ou técnico/s de contacto (nome e apelidos, teléfono/s):
- Necesidades técnicas (mesas, cadeiras, megafonía, proxector e pantalla de cine...):
- Información ao público (persoa/s, lugar/es e teléfono/s de contacto):
- Necesidade de acceso de vehículos á praza do Rei (modelo/s e matrícula/s, horario/s...):

Vigo,, de de 20....
 SINATURA

ILM. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

D/Dna.....con NIF.....en representación da entidade.....coñecen e aceptan as bases de utilización do Auditorio Municipal (Xunta de Goberno de data)e comprométense ao seu cumprimento.

Asímesmo, e tal e como se recolle na cláusula décimo primeira 1) comprométese a devolver as dependencias e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións nas que lle foran entregados, polo que velarán polo seu coidado e uso adecuado. Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato tras a celebración do evento por conta da entidade.

CONFORME:
 Data:

5(111).- SOLICITUDE DE “LA FIESTA ESCÉNICA, S.L., DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA CONSTITUÍDA POR MOR DO CONTRATO DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2012. EXPTE. 4395/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas, do 27.01.12, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural, e a concelleira delegada de Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polo Servizo de Intervención municipal se proceda á devolución da fianza constituída en data 14 de novembro de 2011 por LA FIESTA ESCÉNICA S.L. con CIF B-36.963.577, polo importe de 1.800,00 euros, para o deseño e produción das carrozas da Cabalgata de Reis 2012, tras a correcta prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria.

6(112).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e os informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a ENXEÑERÍA E ANÁLISE MEDIOAMBIENTAL, S.L. a fianza de 2.981,05 € constituída para responder da posta en marca do bús eléctrico no Casco Vello xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3960/241.

B) Devolver a TRANSPORTES Y ÁRIDOS PABLO VAL, S.L. a fianza de 28.000 € constituída para responder da subministración de materiais de ferretería xa que foron recibidos conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3979/241.

C) Devolver TRANSPORTES Y ÁRIDOS PABLO VAL, S.L. a fianza de 19.200 € constituída para responder da subministración de áridos xa que foron recibidos conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3980/241.

D) Devolver a TRANSPORTES Y ÁRIDOS PABLO VAL, S.L. a fianza de 16.000 € constituída para responder da subministración de formigón xa que foi recibido conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte.. 3981/241.

E) Devolver a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. as fianzas de 1.165,32 €, 398,44 €, 805,99 € e 412,13 €, constituídas para responder das subministracións de xogos para parques infantís xa que foron recibidos mediante acta de 17.12.09 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3983/241.

7(113).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO (ORDE 30.12.2011. DOG NÚM. 7 DO 11.01.2012). EXPTE. 8727/077.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 30.01.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a memoria, de carácter plurianual, das accións de información, orientación e busca de emprego que se van realizar dende o 1 de febreiro de 2012 ata o 31 de xaneiro de 2013.

2.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención total de 122.753,16€ para financiar a contratación de catro técnicos/ás de orientación laboral dende o 1 de febreiro de 2012 ata o 31 de xaneiro de 2013 de acordo co establecido na Orde do 30/12/2011, sendo precisa unha achega municipal ao proxecto de 71.610,72€ para a contratación dos/as 4 técnicos/as de orientación laboral.

3.- Consignar, nos orzamentos municipais do ano 2012 e 2013 unha achega ao proxecto de 71.610,72 €, correspondendo unha partida cunha contía mínima de 65.643,16 € para o ano 2012 e unha partida de 5.967,56 € para o ano 2013 destinado ó cofinanciamento municipal destes contratos, no caso de seren aprobadas as solicitudes de subvención pola cantidade solicitada.

CUSTOS TOTAI	Mensual			Anual				
	Salario bruto	SS empresa	Custo total	Salario (14 pagas)	SS empresa	Custo total	Subvención Xunta máx.	Aportación municipal
4 Titulado/a medio/a (Orientador/a laboral)	12373,56	3823,43	16196,99	148482,72	45881,16	194363,88	122753,16	71610,72

- Orde do 30 de decembro de 2011 no artigo 10: subvención máxima de 30.688,29 €/ano por cada técnico contratado para o desenvolvemento das accións recollidas nesta orde.

4.- Facultar a Santos Héctor Rodríguez Díaz, Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, para a sinatura da documentación necesaria para a presentación da solicitude ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

8(114).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE D. MIGUEL AMOR RÍO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO Á PRAZA VACANTE DE PROGRAMADOR DE INFORMÁTICA, INCLUÍDA NA OEP 2008. EXPTE. 22762/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 31.01.12, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionario de carreira, con cargo á praza vacante de Programador de Informática, ao único aspirante proposto polo órgano de selección, que superou todos os exercicios da oposición e que obtivo unha cualificación de 18,13 puntos, D. MIGUEL AMOR RÍO, con DNI nº 36.129.429-V.

O presente nomeamento únicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende a notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese ao interesado, Intervención Xeral, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación de RR.HH.), xefe/a do Servizo de Administración Electrónica e, Comité de Persoal.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

9(115).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN SOBRE AUTORIZACIÓN DE REINGRESO AO SERVIZO ACTIVO DA FUNCIONARIA D^a LUCÍA TRILLO DE MARTÍN PINILLOS. EXPTE. 22766/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 10.01.12, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En escritos de datas 07/01/2012 e 10/01/2012 (documentos números 120001549 e 120002299) a funcionaria D^a Lucía Trillo de Martín Pinillos, con DNI nº 50.808.186-J solicita o reingreso ao servizo activo por cese como asesora na Delegación do Goberno de Galicia, segundo certificado do Secretario Xeral da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, de data 10/01/2012.

A referida funcionaria municipal atópase en situación administrativa de servizos especiais, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio do 2004, con efectos económicos e administrativos do 1 de xuño de 2004 e con dereito á reserva do posto de traballo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) establece que quen se atopen na situación administrativa de servizos especiais terán dereito, ao menos, a reingresar no servizo activo na mesma localidade, nas condicións e coas retribucións correspondentes á categoría, nivel ou escalón da carreira consolidados, dacordo co sistema de carreira administrativa vixente na Administración Pública á que pertencen. Terán, asemade, os dereitos que cada Administración Pública poda establecer en función do cargo que orixinase o pase á mencionada situación.

II. Toda vez que na actualidade no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego figura vacante unha praza e posto de Administrativo/a de Administración Xeral da Relación de postos de traballo vixente, segundo informe do técnico de planificación e organización de Recursos Humanos, de data 9 de xaneiro de 2012.

III. Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Regimen Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade coa acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte,

R E S O L U C I O N :

“PRIMEIRO.- Autorizar o reingreso da funcionaria municipal D^a Lucía Trillo de Martín Pinillos, con DNI nº 50.808.186-J, na súa praza de administrativa de administración xeral -cód. 108 da vixente Relación de Postos de Traballo, no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, cód. 108, en atención aos antecedentes e fundamentos xurídicos expresados, e con efectos económicos e administrativos do día da data (10/01/2012).

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada, Concelleiro-delegado da Área, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) e Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego aos efectos que proceda, así como dar conta á Xunta de Goberno Local.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con data 10.01.12 o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

10(116).- CONCESIÓN DE AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 22751/220.

Visto o informe de fiscalización, do 30.01.12, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 25.01.12, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de data 20/01/2012, por un importe total de 5.604,00 € (CINCO MIL SEISCENTOS CATRO EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos empregados/as públicos municipais que se indican-segundo relación contida no cadro anexo- cos importes que no mesmo se especifican:

NOME	DNI	Nº Persoal	EUROS
Bugallo Corrales, José E.	36142415	79109	1.555,00 €
Calvar Ríos, Moisés	36142373	79383	366,00 €
Jorge García, Javier	52483519	23099	843,00 €
Molina Magdalena, Fernando	36065820	77043	2.356,00 €
Rodríguez Rial, Lara	36091020	80574	484,00 €
SUMA TOTAL			5.604,00 €

11(117).- RECURSO DE ALZADA CONTRA PRAZA DE AXUDANTE DE OFICIOS (OEP 2008), INTERPOSTO POR D. JORGE MARTÍNEZ ALONSO. EXPTE. 22761/220.

Dáse conta do informe-proposta, do 31.01.12, do secretario do Órgano de Selección para a provisión das prazas de axudante de oficios incluídas na OEP do 2008, que di o seguinte:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 9 de setembro de 2011, adoptou acordo sobre aprobación provisional de admitidos e excluídos, designación de membros dos órganos de selección e determinación de lugares e datas de celebración dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, en canto á provisión das prazas de, entre outras, AXUDANTE DE OFICIOS (22 para quenda libre -1 delas para discapacitados- e 5 para promoción interna).

En data 23 de outubro de 2011 tivo lugar a primeira proba do proceso selectivo no Instituto Feiral de Vigo, consistente en contestar por escrito un cuestionario tipo de test de 30 preguntas, máis 4 de reserva.

En data 17 de novembro de 2011 tivo lugar a primeira parte do segundo exercicio e en data 2 de decembro seguinte a segunda parte deste segundo exercicio de carácter práctico.

En data 7 de decembro seguinte reuniuse o Órgano de Selección para proceder á corrección dos exames e á publicación das cualificacións, concedendo un prazo de tres días para presentar alegacións. Neste prazo o agora recorrente presentou alegacións nas que solicitaba unha

revisión das notas obtidas no segundo exercicio e a que, no seu caso, se lle expoñan os criterios de valoración seguidos para conceder a cualificación outorgada.

O Órgano de Selección, en sesión celebrada o día 14 de decembro de 2011, acordou o seguinte:

"En primeiro lugar os membros do Órgano de Selección, proceden a revisar as súas anotacións en relación ás distintas probas realizadas polos aspirantes que manifestan a súa desconformidade coa cualificación outorgada nesta 2ª parte do 2º exercicio, acordando, á vista das mesmas, ratificarse nas cualificacións outorgadas por non existir motivación obxectiva algunha para a súa rectificación e entender que a cualificación outorgada é a que corresponde en función dos criterios establecidos para a valoración das probas, que foron recollidos na correspondente Acta da sesión en que se celebrou a proba e que foron os seguintes:

- a sinalización dos "epis" (equipos de protección individual) a utilizar entre os distintos que se aportan a cada aspirante.
- a corrección, axilidade, limpeza e destreza na realización das probas.
- realizar as mesmas de xeito estruturado, claro e coherente.
- a utilización das ferramentas e accesorios adecuados para cada unha delas.
- tempo invertido na realización do exercicio.
- resultado final de cada unha das probas.

En segundo lugar, procédese á revisión dos exames da primeira parte do segundo exercicio (proba teórico-práctica) realizados polos aspirantes que alegan que a cualificación outorgada non se corresponde coa que eles estiman que correspondería. Compróbase que en tódolos casos a cualificación outorgada é a correcta en función do número de respostas correctas, polo que procede desestimar as devanditas reclamacións.

En terceiro lugar, acórdase desestimar as reclamacións referidas ao desenrolo das probas por basearse en meras apreciacións subxectivas dos reclamantes que, en ningún modo desvirtúan a correcta celebración das mesmas."

O devandito acordo foi notificado ao recorrente oportunamente, coa mención da posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un mes.

En data 26 de xaneiro de 2012 D. Jorge Martínez Alonso presentou no Rexistro Xeral do Concello Recurso de Alzada contra o acordo do Órgano de Selección relativo as devanditas alegacións.

Segundo.- O artigo 114 da LRXAP e PAC establece que:

"1. As resolucións e actos a que se refire o artigo 107.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou. A estes efectos, os Tribunais e órganos de selección de persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outros que, no seo destas, actúen con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano ao que estean adscritos ou, no seu defecto, do que nomeara ao presidente dos mesmos.

2. O recurso poderá interpoñerse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxera ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e unha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto recorrido será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior."

En consecuencia do anterior, o Órgano de Selección encargado de xulga-las probas selectivas e da proposta de nomeamento como persoal laboral de 27 prazas de AXUDANTE DE OFICIOS, incluídos na Oferta de Emprego Pública correspondente ao ano 2008, na súa reunión celebrada

o día 31 de xaneiro de 2012, acordou por unanimidade remitir á Xunta de Goberno Local o seguinte informe-proposta, co seu correspondente acordo, para o seu coñecemento e resolución:

INFORME-PROPOSTA:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP e PAC).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- En data 23 de outubro de 2011 tivo lugar a realización do primeiro exercicio da oposición de Axudante de Oficios pola quenda libre, consistente en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 30 preguntas, máis 4 reservas, con tres respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo ás bases específicas.

En data 17 de novembro de 2011 tivo lugar a primeira parte do segundo exercicio e en data 2 de decembro seguinte a segunda parte deste segundo exercicio de carácter práctico.

En data 7 de decembro seguinte reuniuse o Órgano de Selección para proceder á corrección dos exames e á publicación das cualificacións, concedendo un prazo de tres días para presentar alegacións. Neste prazo o agora recorrente presentou alegacións nas que solicitaba unha revisión das notas obtidas no segundo exercicio e a que, no seu caso, se lle expoñan os criterios de valoración seguidos para conceder a cualificación outorgada.

O Órgano de Selección, en sesión celebrada o día 14 de decembro de 2011, acordou o seguinte:

"En primeiro lugar os membros do Órgano de Selección, proceden a revisar as súas anotacións en relación ás distintas probas realizadas polos aspirantes que manifestan a súa desconformidade coa cualificación outorgada nesta 2ª parte do 2º exercicio, acordando, á vista das mesmas, ratificarse nas cualificacións outorgadas por non existir motivación obxectiva algunha para a súa rectificación e entender que a cualificación outorgada é a que corresponde en función dos criterios establecidos para a valoración das probas, que foron recollidos na correspondente Acta da sesión en que se celebrou a proba e que foron os seguintes:

- *a sinalización dos "epis" (equipos de protección individual) a utilizar entre os distintos que se aportan a cada aspirante.*
- *a corrección, axilidade, limpeza e destreza na realización das probas.*
- *realizar as mesmas de xeito estruturado, claro e coherente.*
- *a utilización das ferramentas e accesorios adecuados para cada unha delas.*
- *tempo invertido na realización do exercicio.*
- *resultado final de cada unha das probas.*

En segundo lugar, procédese á revisión dos exames da primeira parte do segundo exercicio (proba teórico-práctica) realizados polos aspirantes que alegan que a cualificación outorgada non se corresponde coa que eles estiman que correspondería. Compróbase que en tódolos casos a cualificación outorgada é a correcta en función do número de respostas correctas, polo que procede desestimar as devanditas reclamacións.

En terceiro lugar, acórdase desestimar as reclamacións referidas ao desenrolo das probas por basearse en meras apreciacións subxectivas dos reclamantes que, en ningún modo desvirtúan a correcta celebración das mesmas."

O devandito acordo foi notificado ao recorrente oportunamente, coa mención da posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un mes.

SEGUNDO.- En data 26 de xaneiro de 2012 D. Jorge Martínez Alonso presentou no Rexistro Xeral do Concello Recurso de Alzada contra o acordo do Órgano de Selección relativo as devanditas alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Procedo admitir a trámite o recurso de alzada interposto por canto faise no tempo e na forma establecidos nos arts. 114 e 115 da LRXAP e PAC.

SEGUNDO.- O recorrente, no seu escrito, basea o seu recurso en meras apreciacións subxectivas, que, ademais, son reiterativas do xa exposto no seu escrito de alegacións.

TERCEIRO.- O artigo 107.1 da LRXAP e PAC establece que contra as resolucións e actos de trámite poderá interporse polos interesados o recurso de alzada, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da devandita Lei.

Non alegando o recorrente ningún dos motivos sinalados nos devanditos artigos, senón os mesmos motivos que xa foron tidos en conta na resolución contra a que recorre, e, en todo caso, un mero xuízo persoal sobre o acordo do Órgano de Selección, manifestamente carente de fundamento, procedo desestimar o recurso de alzada interposto contra o acordo do Órgano de Selección, adoptado en sesión de data 14 de decembro de 2011, xa que ningún dos motivos alegados polo recorrente ten virtualidade suficiente para desvirtuar o acordo que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no art. 107.1 do citado texto legal

CUARTO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alzada interposto contra o acordo do Órgano de Selección en sesión celebrada o día 14 de decembro de 2011.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

"ÚNICO: Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Jorge Martínez Alonso, contra o acordo de data 14 de decembro de 2011 do Órgano de Selección encargado de xulga-las probas selectivas e da proposta de nomeamento como persoal laboral de vinteseite prazas de AXUDANTE DE OFICIOS (22 para quenda libre -1 delas para discapacitados- e 5 para promoción interna), incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, pola que se desestimaban as súas alegacións, por canto ningún dos motivos alegados polo recorrente ten virtualidade suficiente para desvirtuar o acordo que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos artigos 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no artigo 107.1 do citado texto legal."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(118).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE AGOSTO E DECEMBRO 2011. EXPTE. 22708/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 27.01.12, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Medio Ambiente	De Andrés Hervada Ventín	Agosto-2011	29'51
Parque Central	De Emilio Aira Pereiro a Bernardo Rodríguez Lestón	Agosto-2011	108'00
Parque Móbil	De Angel Alonso González a Florentino Prieto Domínguez	Agosto-2011	131'15
Parque Móbil (Medio Ambiente)	De Manuel Alonso Iglesias a Florentino Prieto Domínguez	Agosto-2011	124'00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Álvarez	Agosto-2011	152'00
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Agosto-2011	76'00
Alcaldía (condutores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Decembro-2011	84'00
Extinción Incendios	De Vicente Alonso Covelo a José A. Villar Comesaña	Decembro-2011	984'00
Cultura	Ramón Vázquez Martínez	Xullo-2011	10,00
Policia Local (Xulgado)	De Bienvenido Avendaño Otero a Jaime Villar Salgueiro	Decembro-2011	496'00
Policia Local (Horas en exceso)	De Diego Álvarez Campos a Pablo Vila Campos	Decembro-2011	512'10
Parque Móbil (Limpeza)	De Angel Alonso González a Manuel Quintas Pérez	Agosto-2011	44'00
Vías e Obras	De José L. Amoedo Cabaleiro a Federico Rodríguez Prieto	Agosto-2011	107'00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Rimundo Villar Estevez	Agosto-2011	100'00
Conserxería	De Rosa Teresa Vázquez Álvarez	Agosto-2011	32'46
Mobilidade, Transporte e Seguridade	De José Ramón Alonso González a José Bancelos González	Agosto-2011	51'00
Desinfección	De A. Avelino Pardellas Avión a José Ramón Seijas Álvarez	Agosto-2011	107'00
Ospio	De Angel Ferro Macho	Agosto-2011	30'00
Recursos Humanos	De Amelia Aragunde Martínez	Agosto-2011	10'32
Relacións Públicas	De Eduardo Pérez Domínguez a Mercedes Rivero Troncoso	Xullo-2011	9'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 32.200,17 €.

13(119).- BASES FONDO DE ACCIÓN SOCIAL PARA O ANO 2012. EXPTE. 22750/220.

Visto o informe de fiscalización, do 30.01.12, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 25.01.12, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A Secretaria do Fondo Social, con data 17 de xaneiro de 2012, remite acordo da Comisión do Fondo de Acción Social, en xuntanza realizada o día 5 do mesmo mes, onde se recolle a distribución do presuposto e bases de dito Fondo Social para o presente ano 2012, que ascende á contía de 300.506 €, importe consignado nos orzamentos do concello para o dito ano:

1.- Axudas socio-sanitarias: 140.000 €
Destinadas a cubrir gastos de próteses, gafas, e todo tipo de necesidades médicas (excepto medicamentos) que non cubre a Seguridade Social, do traballador/a, parella e fillos/as que non teñan ingresos (ata 25 anos)

Documentación:

- *Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- *Fotocopia compulsada da factura ou orixinais, (non se aceptan recibos), que abranguen dende o 1 de xuño do 2011 ata o 31 de maio de 2012.*
- *Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares ou libro de familia (só para menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co solicitante, documento que acredite a axuda económica.*
- *Parellas de feito, documentación acreditativa.*

Prazo presentación solicitudes: Ata o 31 de maio 2012

2.- Axudas estudos: 100.506 €

Destinadas a cubri-los gastos de garderías e estudos oficiais, do/a traballador/a e dos fillos/as que non tivesen ingresos (ata os 25 anos).

Documentación:

- *Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- *Matrícula do centro (a partir 15 anos cumpridos).*
- *Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares ou libro de familia (só para menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co solicitante, documento que acredite a axuda económica.*
- *Matrícula gardería.*

Prazo presentación solicitudes: Ata o 15 de xaneiro de 2013.

3.- Axudas extraordinarias: 60.000 €

Destinadas a afrontar sucesos graves ou extraordinarios debidamente xustificadas.

Prazo presentación solicitudes: Durante todo o ano.

CONDICIÓNS XERAIS:

Destinatarios: *Empregados/as que figuren no cadro de persoal do Concello de Vigo.*

Solicitudes: *Recóllense e entréganse, xunto coa documentación, nos locais do Comité (5º andar).*

- *As facturas das gafas deberán especificar o importe da montura e dos cristais (para a montura se concederá unha axuda máxima de 100 €) e achegarase tamén valoración do optometrista.*
- *As facturas do dentista deberán ser detalladas.*
 - *A Comisión, unha vez contabilizadas e valoradas o número de solicitudes presentadas, determinará a contía a outorgar, segundo as retribucións totais do traballador/a no ano anterior, segundo os tramos seguintes:*
 - *Tramo I: Menos de 25.000 €/ano.*
 - *Tramo II: De 25.001 a 28.000 €/ano.*
 - *Tramo III: De 28.001 a 37.000 €/ano.*
 - *Tramo IV: De 37.001 a 49.000 €/ano.*
 - *Tramo V: Máis de 49.001 €/ano.*
- *A/o solicitante autoriza á Comisión para comprobar as retribucións percibidas do Concello.*
- *A Comisión poderá solicitar documentación complementaria cando o estime necesario.*
- *Unha vez exposto o listado de axudas concedidas, hai un prazo de 30 días para reclamacións.*
- *Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a, por estar cuberta pola Mutua.*
- *Quedan excluídos os tratamentos médicos que non esten recoñecidos, nin recetados pola Seguridade Social ou Sergas.*

FINAL: *Todo traballador/a que falsifique ou modifique a documentación orixinal non recibirá novas axudas do Fondo e polo período que estableza a Comisión.*

O Regulamento do Fondo Social no seu art. 5 establece entre as funcións da comisión xestora, a de propoñer ao órgano municipal competente en cada caso os programas e actuacións dirixidas á mellora-lo benestar do persoal municipal.

Examinada a proposta da comisión xestora, compróbase que efectivamente as axudas que se propoñen poden incluírse dentro da mellora do benestar social dos traballadores, sendo o tope de axuda segundo o número de solicitudes e o grupo ao que pertenza o traballador.
Por isto, a funcionaria que subscribe PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa fiscalización pola Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Aproba-la distribución do Fondo Social para o ano 2012, polo importe establecido nos orzamentos municipais para o dito ano; 140.000 € para axudas socio-sanitarias; 100.506

€ para axudas por estudos e 60.000 € para axudas extraordinarias, destinadas a afrontar sucesos graves ou extraordinarios debidamente xustificados.

Segundo.- De conformidade co previsto no art. 5 do Regulamento do Fondo Social, a comisión xestora deberá elaborar unha memoria anual sobre a execución do programa do ano pasado, que remitirá ó Presidente da Corporación e deberá darlle a debida publicidade entre o persoal.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(120).- SOLICITUDE DE ORECO, S.A., DE DEVOLUCIÓN AVAL BANCARIO EN CONCEPTO DE ACOPIO, CONSTITUÍDO POR MOR DA OBRA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE 5340/551.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Comercio e Turismo, do 31.01.12, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Industria, Comercio, Turismo e PEMES, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a devolución do aval bancario en concepto de acopios constituído para a obra do Mercado Provisional do Progreso por ORECO S.A. (NIF.- A 36614691) no expediente 1198-551 por importe de 82.499,56 € toda vez que o acopio foi recibido e transcorreu o prazo de garantía segundo os informes técnicos que se incorporan ao expediente.

15(121).- PROPOSTA DE ENCOMENDA DE FUNCÍONS E DE CONCESIÓN DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A DISTINTOS FUNCIONARIOS DA XMU. EXPTE. 5936/407.

Dáse conta da proposta da concelleira-delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, do 23.01.12, que di o seguinte:

1) ENCOMENDA DE FUNCÍONS Ó PERSOAL DE REXISTRO.

O Delegado de Urbanismo e Vivenda, con data 13 de maio de 2011, resolveu:

“Primeiro.- Encomendar a D^a María Josefa De Castro Mosquera (administrativo), a D^a María Luisa León Rodríguez (administrativo) e a D^a Carmen Salgado López (auxiliar administrativo), todas elas adscritas á sección de “Rexistro e Control” desta Xerencia Municipal de Urbanismo, as funcións de calificación e clasificación das solicitudes de licenzas sometidas ó rexime de comunicación previa.

Segundo.- Propoñer a concesión dun complemento de produtividade de 147,37 € ó mes, con efectos do día 2 de febreiro de 2011, ás citadas funcionarias, en tanto se desenvolvan ás funcións anteditas e constatando a prestación real efectiva.”

Con data 2 de decembro de 2011, a xefa da Área Técnica informa que "as citadas funcionarias veñen desenvolvendo dende a data na que se lles recoñece os efectos retributivos da encomenda (02/02/2011) as actividades extraordinarias encomendadas cun especial rendimento e de maneira satisfactoria, permitindo esta labor que non fose necesaria adscripción de outro tipo de persoal á citada sección".

Procede, por tanto, o aboamento a cada unha das funcionarias dun complemento de produtividade de 1.473,37 euros, polos 10 meses transcorridos desde a encomenda ata a emisión do citado informe pola xefa da Área Técnica constatando a prestación real e efectiva das funcións encomendadas.

2) ENCOMENDA DE FUNCIÓNS A D. OSCAR COUCE SENRA.

En data 15/07/2011, por decreto da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, resolveuse encomendar ó funcionario D. Oscar Couce Senra, entre outras as funcións de xefatura da oficina da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos; así como a coordinación, control administrativo e seguimento das actividades dos servizos do Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo" e funcións de colaboración que sexan necesarias para garantir a mellor calidade no servizo ó cidadán.

O ún de setembro de 2011, D. Oscar Couce Senra pasa a ocupar un posto da entidade matriz do Concello, polo que -a petición da citada Concelleira- o Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal resolveu encomendar ás mesmas funcións.

O 16 de decembro de 2011, a técnica de Avaliación e Formación do Servizo de Recursos Humanos, asina dilixencia pola que se remite a estos Servizos Centrais da Xerencia de Urbanismo informe da Concelleira Delegada de Urbanismo, de data 1 de decembro de 2011, donde se expresa que D. Oscar Couce Senra "ven desenvolvendo dende a data do primeiro decreto (15/07/2011) ata a actualidade as actividades extraordinarias encomendadas con especial rendimento e de maneira satisfactoria, prolongando ademais de maneira habitual a súa xornada de traballo."

Na propia dilixencia ínstase a este Organismo Autónomo a que tramite o complemento de produtividade correspondente ó período que vai do 15 de xullo ó 31 de agosto, toda vez que por acordo da Xunta de Goberno Local de 9 de decembro de 2011 aprobouse o mesmo complemento de produtividade referido ó período do 1 de setembro ó 30 de novembro de 2011. Compre – seguindo a cuantificación realizada polo Servizo de Recursos Humanos (725,03 euros/mes)- o aboamento de 1.087,55 euros, correspondente ó citado primeiro período.

3) PROPOSTA.

Vistos os antecedentes anteditos, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Outorgar ós seguintes funcionarios da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, que a continuación se relacionan, os complementos de produtividade propostos:

- D^a María Josefa De Castro Mosquera (administrativo de Rexistro): 1.473,37 euros.
- D^a María Luisa León Rodríguez (administrativo de Rexistro): 1.473,37 euros.
- D^a Carmen Salgado López (auxiliar administrativo de Rexistro): 1.473,37 euros.
- D. Oscar Couce Senra (administrativo de Xefatura): 1.087,55 euros.

2.- *Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 5.507,66 euros, en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 1510.1500000 "Productividade" do vixente Orzamento para 2012 da Xerencia Municipal de Urbanismo.*

3.- *Dar traslado do presente acordo á Intervención Xeral e Comité de Persoal, debendo expoñerse asemade no taboleiro de edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.*

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de ún mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

16(122).- OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA DO PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE PREDIOS NA RÚA SIMANCAS-PEPRI DE BOUZAS. EXPTE. 11153/411.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 16.01.12, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico e pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 12.04.2010, acordou aprobar definitivamente o proxecto de normalización de predios da «Unidade reparcelatoria núm 1» prevista como tal no PEPRI de Bouzas, contida no proxecto redactado polos arquitectos D.^a Úrsula Marta Bastos Riveiro e D. Gustavo A. Álvarez-Valdés González, visado o 03.09.2009, promovido por D.^a Carmen Gándara Armada (exp. 11153/411).

II.- O 11.10.2010, A Xunta de Goberno Local acordou estimar parcialmente o recurso de reposición formulado por D.^a Tania Martins Fernández o 07.05.10 e 18.08.2010 (DOC. 100079889 e 100108372), no sentido de que no proxecto de normalización debe constar que a parcela de resultado número "1" é titular dun dereito real de servidume sobre a parcela de resultado número "2", dispoñendo que a dita servidume existirá até o momento en que se promova a edificación do predio dominante.

O 17.06.2011, D.^a Carmen Gándara Armada presentou no Rexistro da XMU (DOC. 110089523) un escrito polo que achegaba ao expediente de referencia tres copias do proxecto modificado de normalización de predios, que foron obxecto de reaxuste por escrito de 04.01.2012 (DOC. 120000939).

III.- O 10.08.2011, a Arquitecta Xefa de Barrios Históricos emitiu informe do seguinte teor literal:

"ANTECEDENTES

El Pleno del Concello de Vigo en su sesión del 30.09.02 dio aprobación definitiva al Plan Especial de Protección y Reforma interior del Casco Histórico de Bouzas (expte 5.2826/411).

En fecha 24.09.08 se solicita del Concello de Vigo la tramitación de la Unidad Reparcelatoria número uno del PEPRI de Bouzas (doc 80117314).

Por Resolución del Delegado de Urbanismo y vivienda de fecha 13.10.08 se adopto el siguiente acuerdo: “ (...) 1- Incoar expediente de normalización de predios da unidade < 1 > do < PEPRI de Bouzas >. 2- Notificar individualmente a cada un dos titulares catastrais das parcelas que son obxecto da unidade de normalización < 1 > informándolles que no prazo de quince días os propietarios e titulares de dereitos están obrigados a exhibir os títulos que posúan e declarar as situacións xurídicas que coñezcan e afecten as súas fincas. A omisión, error ou falsidade destas declaracións non poderán afectar ó resultado obxectivo da reparcelación. Si se apreciara dolo ou negligencia grave, poderá esixirse a responsabilidade civil ou penal que corresponda. 3- Recabar de oficio do Rexistro da Propiedade certificación de titularidade e cargas de todas as fincas incluídas na unidade de reparcelación. Así mesmo, solicitar expresamente a extensión ó marxe de cada finca nota expresiva de incoación do expediente de reparcelación por esta Administración municipal(...)”

O 10.02.09 se recibe del Registro de la Propiedad número 3 comunicación en la que se certifica la titularidad de las parcelas incluídas en la unidad reparcelatoria número uno del PEPRI de Bouzas y la extensión al margen de cada finca de nota expresiva de la incoación del expediente de reparcelación por esta Administración Municipal.

Una vez otorgado el tramite de audiencia en el que se presenta diversa documentación, la propietaria de Simancas 20, aporta propuesta de proyecto de normalización de predios firmado por los Arquitectos Doña Ursula Marta Bastos Riveiro y don Gustavo Alvarez-Valdes González(visado o 3.09.09).

La Xunta de Gobierno Local, en su sesión de 2.02.10, adopto el siguiente acuerdo : “ (...) PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto de normalización de predios da “ Unidade reparcelatoria número 1 ” prevista como tal no PEPRI de Bouzas, contida no proxecto redactado polos Arquitectos dona Ursula Marta Bastos Riveiro e don Gustavo A. Alvarez- Valdes González < data visado 3.09.2009 > SEGUNDO: Abrir un trámite de audiencia aos interesados polo prazo de 20 ndias. TERCEIRO: Notifíquese o contido integro deste Acordo a todos os propietarios do ámbito e ás persoas físicas e xurídicas que consten no Rexistro da Propiedade como titulares de dereitos reais(...)”.

El mismo órgano dio aprobación definitiva á unidade reparcelatoria por acuerdo de 12.04.10. Se transcribe parcialmente a parte dispositiva: “ (...) Primeira._ Aprobar definitivamente o proxecto de normalización de predios da < Unidade Reparcelatoria número 1 ” prevista como tal no PEPRI de Bouzas, contida no proxecto redactado polos Arquitectos dona Ursula Marta Bastos Riveiro e don Gustavo A. Alvarez- Valdés Gonzalez < data de visado 3.09.2009 >.

Realizadas las oportunas notificaciones y publicaciones, doña Tania Martíns Fernandez presenta escrito el 7.06.10 y el 18.08.10 (doc número 100079889 y 100108372).

La Xunta de Gobierno Local, en su sesión ordinaria del 11 de octubre de 2010, adopto el siguiente acuerdo: “ Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado por dona Tania Martins Fernández o 7.06.10 e 18.08.10 (docs números 100079889 e 100108372) no sentido de que no proxecto de normalización debe constar que a parcela de resultado número “ 1 ” é titular de un dereito real de servidume sobre a parcela de resultado número “ 2 ”. Dita servidume existirá ata o momento no que se promova a edificación da de resultado número “ 1 ”. Desestimar o resto de cuestións tratadas no recurso de reposición ”.

Con fecha 17/6/2011 e 4/01/2012 Doña Carmen Gandara Armada presenta en el registro de la Gerencia Municipal de Urbanismo, “ Modificado de proyecto de normalización de predios en suelo urbano consolidado en el ámbito de la unidad reparcelatoria 1, del Plan Especial de protección y reforma interior del cascohistorico de Bouzas”. Han procedido a realizar los tramites obligados para la inscripción del Proyecto de Normalización aprobado, en el Registro de la Propiedad, ello ha supuesto dar

cumplimiento a aquellos cambios y ajustes del Proyecto, que han sido notificados como obligados para su inscripción.

INFORME:

Las subsanaciones del proyecto de Normalización de predios solicitadas por el Registro de la propiedad consisten en:

1- Titulares en fincas de origen. Descripción completa de las fincas de origen. Entre ellas la número 7, así como su construcción, que de mantenerse debe describirse en el resultado o, si no es el caso, indicarse.

2- Titulares en fincas de resultado, con la determinación del porcentaje y su indicación de procedencia. Porcentaje que de la finca 5 pasa a las 1 y 2.

3- Aclaración de lo que se pretende inscribir en relación con las parcelas de origen 1,6 y 7.

4- Constancia de haberse practicado la notificación de los acreedores hipotecarios. Aceptación de los mismos cuando grave una finca de resultado. Banco Popular Español en finca 3, acta notarial reconociendo la notificación y aceptando el traslado de la carga hipotecaria al porcentaje de destino.

5- Parcela 7- Revisar finca 5311, para lo que resulte tener en cuenta el artículo 9 o 10 del RD 1093/97.

6- Describir servidumbre que grava la finca correctamente.

7- concretar los linderos de las fincas de destino “ otros propietarios”.

8- Corregir el plano de resultado. Parcela 1 y 2, superficie de la parcela 2.

9- Diferencias en la superficie de parcelas de origen y resultado- revisar parcela de resultado 3- ¿ falta superficie de servidumbre?.

Dichas subsanaciones se incluyeron en el Modificado del Proyecto de Normalización de predios en suelo urbano consolidado en el ámbito de la unidad reparcelatoria 1, del Plan Especial de Protección y Reforma interior del Casco histórico de Bouzas.

Las modificaciones complementarias solicitadas por el registro de la Propiedad, no se oponen al Proyecto de Normalización aprobado, ni al Plan que se ejecuta, Plan Especial de Protección e Reforma interior do Casco Histórico de Bouzas (Expte 5825/411) (A.D. 30.09.02). Por lo tanto la rectificación del proyecto no afecta sustancialmente a su contenido general ni a la mayor parte de los afectados. Su tramitación se realizará de acuerdo con los art 117 e seguintes do Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística (RXU) e art 122 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; Boletín Oficial do Estado -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLS 2008)*
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)*
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 27, de 31.01.1979 (RXU)*

- *Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997 (RLHU)*
- *Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG n.º 94, de 16.05.2007)*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)*
- *Real decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE n.º 96, de 22.04.1986 (TRRL)*
- *Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; BOE n.º 305, de 22.12.1986 (ROF)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)*
- *Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)*
- *Plan especial de protección e reforma interior de Bouzas, aprobado definitivamente polo Concello en Pleno de 30.09.2002 (BOP n.º 216, de 11.11.2002) (PEPRI de Bouzas)*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)*

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A) A normalización de fincas

A normalización de fincas conceptúase no art. 117.1 e seguintes do RXU como o procedemento de referencia para as situacións en que, non sendo necesaria a redistribución dos beneficios e cargas da ordenación entre os propietarios afectados, resulte preciso regularizar a configuración física das fincas para adaptala ás esixencias do planeamento.

Pola súa banda, o art. 122 da LOUGA restrinxe a súa aplicación ao solo clasificado como urbano consolidado, sempre e cando non produza minoración dos aproveitamentos atribuídos polo plan nin a imposición de cesións de aproveitamento lucrativo a favor do Concello.

A regulación pormenorizada desta figura atópase na Sección III do Capítulo V do Título III do RXU, con expresa remisión en todo o non previsto expresamente nesa sección ás normas xerais do procedemento xeral de reparcelación, segundo preceptúa no art. 117.3.

B) Concepto e regulación das operacións xurídicas complementarias

1.- Os artigos 113.3 e 174.5 do RXU -de contido substancialmente análogo, referido o primeiro deles á reparcelación e o segundo á compensación-, recollen o concepto legal das operacións xurídicas complementarias, que se entenden como meras operacións de axuste que non se opoñan ao instrumento de xestión urbanística que completan nin ao instrumento de planeamento que se desenvolve.

De conformidade coa interpretación xurisprudencial, as operacións xurídicas complementarias son simples correccións (STS 27.06.2011, LA LEY 1987/2002), cun alcance limitado, supeditado a que o seu contido non introduza cambios que, pese a non ser contrarios ao proxecto de reparcelación ou compensación, supoñan unha modificación substancial do mesmo, o que esixiría a aprobación dun novo proxecto (STS 13.11.2002, RJ 2002\10320).

2.- As emendas sinaladas pola arquitecta Xefa de Barrios Históricos como solicitadas polo rexistro da propiedade, incardínanse dentro do concepto das operacións xurídicas complementarias, por tratarse de simples correccións.

Cabe sinalar que a modificación pola que se engade ao proxecto orixinal unha servidume de paso subterráneo de desaugue de saneamento, non responde a emendas solicitadas polo rexistro da propiedade, nin a un cambio da formulación do proxecto de normalización de predios baseada na simple vontade da promotora ou na modificación posterior das condicións do ámbito, senón que obedece a un axuste cuxos perfís están perfectamente delimitados polo acordo da Xunta de Goberno Local de 11.10.2010, polo que se estima parcialmente o recurso de reposición presentado por D.^a Tania Martins Fernández contra o acordo de aprobación definitiva do proxecto de normalización de predios (folio 316 do expediente administrativo); polo tanto, o cambio realizado no documento unicamente ten por obxecto acoller a modificación operada formalmente o 11.10.2010 pola Xunta de Goberno Local, data en que está aprobada a modificación respecto ao seu contido material, e non a introdución da mesma.

3.- Polo que respecta á inscrición da operación xurídica complementaria no Rexistro de Propiedade, o art. 2.2, do RHLU indica que será título inscribible o certificado da administración urbanística actuante, que deberá cumprir cos seguintes requisitos:

- a) Que se expida, en exemplar duplicado, polo Secretario da entidade ou órgano actuante e con inserción literal do acordo adoptado*
- b) Que exprese que o acto puxo fin á vía administrativa, agás o disposto no referido regulamento para acordos determinados*
- c) Que se fagan constar nela, na forma esixida pola Lexislación Hipotecaria, as circunstancias relativas ás persoas e as fincas aos que afecte o acordo.*

C) Modificacións do proxecto de normalización de predios instadas pola promotora

A promotora presenta un proxecto modificado, que integra o texto aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 12.04.2010 coas modificacións que se detallan no informe da arquitecta Xefa de Barrios Históricos, inserido literalmente no expositivo III.

Polo tanto, o documento achegado o 17.06.2011, pola interesada (DOC. 110089523), axustado por escrito de 04.01.2012 (DOC. 120000939) denominado en portada "MODIFICADO DE PROYECTO DE NORMALIZACIÓN DE PREDIOS EN SUELO URBANO CONSOLIDADO EN EL ÁMBITO DE LA UNIDAD REPARCELATORIA 1, DEL PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN Y REFORMA INTERIOR DEL CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS", é un texto refundido, que integra o documento aprobado na data de referencia e as modificacións informadas favorablemente pola Xefa de Barrios Históricos.

D) Competencia

A competencia para aprobar a operación xurídica complementaria corresponde á Xunta de Goberno Local, a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, segundo o disposto no art. 127.1.d) da LBRL, en relación co art. 10.1.d) dos Estatutos da XMU.

III.- PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a operación xurídica complementaria do proxecto de normalización de predios da unidade reparcelatoria 1 da rúa Simancas do PEPRI de Bouzas, integrada segundo informe da arquitecta municipal Xefa de Barrios Históricos no documento denominado «Modificado de proxecto de normalización de predios en suelo urbano consolidado en el ámbito de la unidad reparcelatoria 1, del plan especial de protección y reforma interior del casco histórico de Bouzas», de conformidade coa documentación presentada pola interesada o 17.06.2011 e o 04.01.2012 no Rexistro xeral da XMU, redactada polos arquitectos D. Gustavo A. Álvarez-Valdés e D.^a Úrsula M. Bastos Riveiro, con visados colexiais de 15.06.2011 e 21.12.2011.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados en ambos casos dende o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo de calquera outro que estimen oportuno.»

O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, en sesión do 13.01.12, acorda someter a precedente proposta á Xunta de Goberno local.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(123).- PLAN PARCIAL S-34-R FALCOA. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 11485/411.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 27.01.12, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico e pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou na súa sesión de 16.10.2008 declarar o inicio da tramitación, entre outros, do expediente de planeamento e xestión de iniciativa municipal «S-34-R FALCOA», encargando aos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión a redacción dos pregos de condicións e os expedientes de contratación dos traballos de redacción do Plan Parcial do ámbito.

II.- O 28.05.2009, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou adxudicar provisionalmente os servizos de redacción do Plan Parcial «S-34-R FALCOA» á mercantil

PETTRA, S.L., polo importe de 132.103,62 € máis IVE; con data 11.06.2009, O Concello de Vigo e a adxudicataria asinaron o contrato de servizo polo que a mercantil se comprometeu á redacción do Plan Parcial «S-34-R FALCOA» de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares.

III.- Obra no expediente un exemplar do Documento de Inicio para a avaliación ambiental estratéxica datado a xullo de 2009, informado favorablemente o 07.07.2009 pola arquitecta municipal, e recibido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) o 21.07.2009.

O 02.10.2009 (DOC. 90141649), tivo entrada no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo unha copia dilixenciada da “Decisión de 22.09.2009, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, sobre a non necesidade de sometemento á avaliación ambiental estratéxica do Plan Parcial S-34-R Falcoa, concello de Vigo (Pontevedra)”, cuxo anuncio foi publicado no Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 212, de 29.10.2009.

IV.- O enxeñeiro municipal Xefe dos Servizos Técnicos emitiu informe o 29.10.2009, co conforme da Xerente de Urbanismo, sobre a viabilidade funcional das infraestruturas necesarias e cargas urbanísticas correspondentes para o financiamento de infraestruturas; constan no expediente os informes ao respecto de GAS GALICIA SDG, S.A. (DOC. 90138078, 29.09.2009), R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. (DOC. 90142815, 07.10.2009), TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. (DOC. 90153629, 27.10.2009).

V.- O 03.12.2009 (DOC. 90176082) PETTRA chegou para a súa revisión polos servizos técnicos municipais de documentación dos traballos de topografía e parcelario e dun exemplar do documento para a aprobación inicial do Plan Parcial; segundo refire a arquitecta municipal no seu informe de 28.12.2009, a documentación topográfica foi informada desfavorablemente o 18.12.2009 polo Xefe de Cartografía e Deliñación, por non cingirse ás condicións establecidas no prego, diferindo a o análise do resto da documentación ao momento do seu estudo pormenorizado.

Do informe de referencia deuse traslado a PETTRA o 11.01.2010, a fin de que emendase os defectos advertidos polo departamento de Cartografía; o 26.03.2010, o Xefe de Cartografía informa favorablemente a documentación gráfica presentada, informando a arquitecta municipal favorablemente o primeiro prazo dos traballos (segundo o apartado 9 do prego de prescricións técnicas), relativos á Memoria Informativa, documento de Inicio e Cartografía e Parcelario.

VI.- O 08.02.2010, os Servizos Técnicos emitiron un informe sobre o Plan Parcial do sector de solo urbanizable S-34-R FALCOA, no que se avalían dende un punto de vista técnico os seguintes aspectos:

- tráfico
- viais
- pendentes
- estruturas
- rede de abastecemento
- rede de augas fecais
- rede de pluviais
- rede eléctrica
- rede de alumado
- rede de telecomunicacións
- rede de gas

VII.- O 07.07.2010, o Delegado de Urbanismo e Vivenda solicitou informe Áreas Municipais de Benestar Social, Vías e Obras, Mobilidade, Transportes e Seguridade, Patrimonio Histórico, Deportes, Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Cultura e Animación Sociocultural, Parques e Xardíns, Educación, Industria, Comercio e Turismo, e á Área de Distritos.

O 22.07.2010, o Director adxunto dos Servizos Técnicos emitiu informe tocante á implantación de itinerarios de carrís bici, indicando que o seu desenvolvemento en detalle deberá ser efectuado no proxecto de urbanización, sen que supoña modificación algunha nas determinacións do Plan Parcial.

O 03.08.2010, a técnico de xestión do Departamento de Patrimonio Histórico informa que o ámbito se atopa dentro da zona de protección dos hórreos recollidos no Plan Xeral vixente coas claves 01-0839 e 01-0840, ambos con máis de cen anos, e que por resultar aplicable aos mesmos a declaración xenérica como Ben de Interese Cultural (BIC) dos hórreos con máis de cen anos de antigüidade (Decreto 449/1973, de 22 de febreiro) e demais normativa de aplicación, os proxectos de obras que afecten a algún elemento catalogado ou se atopen na súa área de influencia deberán ser remitidos, xunto con copia do seu informe, ao órgano da Xunta de Galicia que corresponda para a que emitan a autorización preceptiva previa á concesión da licenza.

O 10.01.2012, a arquitecta municipal Xefa de Planeamento e Xestión emitiu informe no que indica que segundo o PXOM, o contorno de protección dos ditos hórreos non se atopa dentro da superficie do «S-34-R FALCOA», xa que as parcelas nas que se sitúan están fóra do ámbito de referencia.

VIII.- O 28.10.2010, por oficio do Delegado de Urbanismo e Vivenda solicitouse ao organismo Augas de Galicia a emisión de informe sobre as garantías de abastecemento de auga potable e depuración de augas residuais nos ámbitos de desenvolvemento por iniciativa municipal do PXOM de Vigo previstos para o primeiro cuatrienio, entre os que se encontra o plan parcial do sector de solo urbanizable «S-34-R FALCOA».

A solicitude de informe foi recibida por Augas de Galicia o 12.11.2010, que emitiu o informe interesado o 09.02.2011, con entrada no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo o 15.02.2011 (DOC. 110018203).

IX.- O 10.01.2012, a arquitecta municipal Xefa de Planeamento e Xestión emitiu informe favorable sobre a documentación presentada polo equipo redactor para a aprobación inicial correspondente ao Plan Parcial do sector de solo urbanizable «S-34-R FALCOA», do seguinte teor literal:

«INFORME:

O sector S-34-R Falcoa está situado na parroquia de Castrelos. É un sector de uso residencial delimitado polo PXOM vixente (aprob.def.parcial 16 maio de 2008 e 13 de xullo de 2009). O PXOM fixa como iniciativa de planeamento a pública, polo que é o Concello o órgano promotor de dito planeamento.

O sector ten unha superficie de 127.653 m² e unha edificabilidade máxima de 74.039 m², de uso residencial.

Os traballos de redacción tanto do plan parcial como dos correspondentes documentos necesarios para a tramitación da avaliación ambiental estratéxica, foron contratados á empresa “PETTRA S.L.”; con data de 28 de maio de 2009 o Consello da Xerencia

Municipal de Urbanismo adoptou o acordo de adxudicar a dita empresa a realización destes traballos.

Con data 7 de xullo de 2009 a empresa adxudicataria presentou documento de inicio deste sector. Este documento foi tramitado na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

Por resolución emitida polo Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de data 22 de setembro de 2009, declarouse a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica o Plan parcial do sector S-34-R "FALCOA" do Concello de Vigo.

Foi requerido informe de Augas de Galicia relativo ás garantías de Abastecemento e Saneamento no ámbito. Con data 15 de febreiro de 2011 foi recibido o informe de Augas de Galicia.

1. DOCUMENTACIÓN:

A empresa presentou documentación relativa ao Plan Parcial, a documentación á que se refire este informe ten data de febreiro de 2010. A documentación presentada consta de catro carpetas, presentáronse as catro por duplicado. Tamén presentáronse por duplicado cd cos arquivos en .doc e .dwg e dvd navegable co plan parcial.

As carpetas constan de:

- *TRABALLOS DE TOPOGRAFÍA E PARCELARIO.*
- *TOMO I. MEMORIA.*
- *TOMO II. PLANOS.*
- *TOMO III ESTUDO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAIXASÍSTICO.*

TOMO I: A MEMORIA consta de:

- *Memoria Informativa.*
- *Memoria Xustificativa.*
- *Normativa Urbanística, inclúe as ordenanzas particulares.*
- *Normas de urbanización e de conservación da urbanización.*
- *Condicións ambientais e hixiénicas.*
- *Avaliación económica e Plan de Etapas.*
- *Cadros resumo: Usos lucrativos*

Os planos contidos na carpeta correspondente aos Planos divídense nos planos de información e planos de ordenación, son:

TOMO II: PLANOS DE INFORMACIÓN:

INF 01 SITUACIÓN

INF 02 EMPRAZAMENTO.

INF 03 VISTA AÉREA

INF 04.1 PLANEAMENTO XERAL VIXENTE. CLASIFICACIÓN XERAL DO SOLO E CATEGORÍAS E NÚCLEO RURAL

INF 04.2 PLANEAMENTO XERAL VIXENTE. ORDENACIÓN PORMENORIZADA DO SOLO URBANO E NÚCLEO RURAL

INF 05 DELIMITACIÓN DO PLAN PARCIAL

INF 06 HIPSOMETRÍA

INF 07 CLINOMETRÍA

INF 08 USOS E COBERTURAS DO SOLO

INF 09 PATRIMONIO CULTURAL E ZONAS DE PROTECCIÓN

INF 10 REDE VIARIA EXISTENTE

INF 11 TOPOGRÁFICO. ESTADO ACTUAL

INF 12 INFORMACIÓN CATASTRAL

INF 13.1 INFRAESTRUTURAS EXISTENTES. REDE DE ABASTECIMIENTO.

INF 13.2 INFRAESTRUTURAS EXISTENTES. REDE DE SANEAMENTO.

INF 13.3 INFRAESTRUTURAS EXISTENTES. REDE DE ENERXÍA ELÉCTRICA.

INF 13.4 INFRAESTRUTURAS EXISTENTES. REDE DE GAS

INF 13.5 INFRAESTRUTURAS EXISTENTES. REDE DE TELEFONÍA E TELECOMUNICACIÓN.

PLANOS DE ORDENACIÓN:

ORD 01.1 ORDENACIÓN DO VIARIO. ESTRUCTURA VIARIA E LIÑACEMENTOS

ORD 01.2 ORDENACIÓN DO VIARIO. ACOTACIÓN EIXOS.

ORD 01.3 ORDENACIÓN DO VIARIO. PERFÍS.

ORD 01.4 ORDENACIÓN DO VIARIO. PLANTA E SECCIÓN TIPO.

ORD 02 ORDENACIÓN E REGULACIÓN

ORD 03.1 ORDENACIÓN E USOS PORMENORIZADOS. PLANTA DE ORDENACIÓN.

ORD 03.2 ORDENACIÓN E USOS PORMENORIZADOS. RASANTES DE ORDENACIÓN.

ORD 03.2 ORDENACIÓN E USOS PORMENORIZADOS. ESQUEMAS DE ORDENACIÓN.

ORD 04 ALZADOS E SECCIONES.

ORD 05.1 REDES INTERIORES DE INFRAESTRUTURAS. REDE DE ABASTECIMIENTO.

ORD 05.2 REDES INTERIORES DE INFRAESTRUTURAS. REDE DE SANEAMENTO: AUGAS PLUVIAIS

ORD 05.3 REDES INTERIORES DE INFRAESTRUTURAS. REDE DE SANEAMENTO: AUGAS RESIDUAIS.

ORD 05.4 REDES INTERIORES DE INFRAESTRUTURAS. REDE DE REDE DE ENERXÍA ELÉCTRICA.

ORD 05.5 REDES INTERIORES DE INFRAESTRUTURAS. REDE DE ILUMINACIÓN.

ORD 05.6 REDES INTERIORES DE INFRAESTRUTURAS. REDE DE TELEFONÍA E TELECOMUNICACIÓNS.

ORD 05.7 REDES INTERIORES DE INFRAESTRUTURAS. REDE DE GAS.

ORD 06.1 CONEXIÓNS EXTERIORES: REDE DE ABASTECIMENTO.

ORD 06.2 CONEXIÓNS EXTERIORES: REDE DE SANEAMENTO. AUGAS PLUVIAIS.

ORD 06.3 CONEXIÓNS EXTERIORES: REDE DE SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS.

ORD 06.4 CONEXIÓNS EXTERIORES: REDE DE ENERXÍA ELÉCTRICA.

ORD 06.5 CONEXIÓNS EXTERIORES: REDE DE GAS.

ORD 07 PLAN DE ETAPAS.

ORD 08 IMAXE FINAL.

TOMO III: ESTUDO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO.

ESTUDO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO.

ANEXO I: ESTUDO ACÚSTICO.

ESTUDO ELECTROMAGNÉTICO.

A documentación presentada cumpre coa sinalada no artigo 57 e seguintes, do Regulamento de Planeamento (RD 2159/1978 de 23 de junio) e a contida no artigo 65 da LOUG.

Respecto aos pregos de condicións técnicas, a documentación cumpre co establecido no prego de condicións técnicas do contrato respecto á documentación a presentar, aspecto que se recolle no apartado 2 do “Prego de Prescripcións Técnicas para a Contratación da Asistencia Técnica para a Redacción de Planeamento Urbanístico de Desenvolvemento do PXOM de Vigo”. A documentación en formato GIS será esixida na fase de Aprobación Definitiva.

2. OBXETIVOS E CRITERIOS DE ORDENACIÓN:

Tanto no prego de prescripcións técnicas como na ficha de xestión do sector indícanse como obxectivos e criterios de ordenación:

- Converter o Vial de Acceso á Universidade en soporte dun novo eixo de desenvolvemento urbano a partires do artellamento dun corredor verde e dotacional.

- *A ordenación deberá resolver unha acaída integración do vial de Acceso a Universidade como vía urbana, neste senso recoméndase a disposición de parte da cesión local de espazos verdes na beira do vial mantendo, na medida do posible, os pes arbóreos autóctonos existentes.*

A ordenación proposta cumpre este obxectivo xa que o traxecto do vial da universidade dentro do ámbito, acompáñase de zonas verdes e parcelas de equipamento. As tres parcelas de equipamento existente son adxacentes a dito vial. A parcela de espazos libres e zona verde máis grande (11.646 m²) tamén é adxacente a este vial.

- *Fíxase un límite de intensidade máximo do 60% para o Uso Residencial de 2ª Categoría (edificación multifamiliar ou colectiva).*

A edificabilidade en vivenda colectiva é 43.530 m² de 74.038 m² o que supón un 58,79%, polo tanto cúmprese o máximo imposto.

3. DETERMINACIÓNS E DOCUMENTACIÓN DOS PLANS PARCIAIS (ART.64 e 65 da LOUGA)

O plan parcial redactado cumpre co establecido nos artigos 64 e 65 da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística y protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

A documentación presentada cumpre coa documentación sinalada no artigo 57 e seguintes, do Regulamento de Planeamento (RD 2159/1978 de 23 de junio) e a contida no artigo 65 da LOUGA.

4. CUMPRIMENTO DOS ARTIGOS 47 E 48 DA LOUGA.

4.1. Artigo 47

Sistema de espazos libres públicos destinados a parques, xardíns, áreas de lecer, expansión e recreo da poboación:

O plan parcial S-34-R Falcoa prevé a reserva de 17.275 m², esto supón un 22,84% da edificabilidade (incluíndo a vivenda de dotación autonómica) e un 14% do ámbito delimitado. Polo tanto cumpre a reserva mínima.

Sistema de equipamentos públicos destinados á prestación de servizos sanitarios, asistenciais, educativos, culturais, deportivos e outros que sexan necesarios:

O plan parcial prevé a reserva de 7.703 m², supón un 10,18% da edificabilidade proxectada (incluíndo a vivenda de dotación autonómica). Polo tanto cumpre a reserva mínima.

Prazas de aparcamento:

As prazas de aparcamento públicas debuxadas son 464 prazas. Dise no texto que para o cómputo restan 40 prazas que estiman desaparecerán polas entradas de vehículos aos garaxes e polos contenedores de lixo. Deste xeito contabilízanse 424, que maior que 378 que sería o número de prazas públicas sinaladas no artigo 47 1. c) da LOUGA;

As prazas de aparcamento privadas regúlanse polas diferentes ordenanzas. O cómputo total derivado da aplicación do establecido nas ordenanzas é de 1.129; sumadas as públicas dá 1.553 prazas, que é superior a 1.512 prazas mínimas establecidas na LOUGA.

Vivienda de dotación autonómica:

Resérvase unha parcela de 1.581 m² que representa o 2,5% da edificabilidade residencial do sector. A edificabilidade asignada é de 1.581 m², tamén representa o 2,5% da edificabilidade residencial do sector, polo tanto representa o máximo sinalado no artigo 47 apartado 9 da LOUGA.

Vivenda de protección:

A ficha de xestión do Plan Xeral no seu apartado 9. OBSERVACIÓNS E RECOMENDACIÓNS: “Esíxese a determinación dunha reserva mínima de solo apta para a implantación do 38% da edificabilidade residencial que haberá de adicarse a vivenda sometida a algún rexime de protección pública”.

O plan parcial prevé 28.135 m², dentro da tipoloxía de vivenda colectiva que terán que adicarse a algún réxime de protección pública. Esta edificabilidade supón o 38% da edificabilidade do plan parcial. Polo tanto cúmplase o mínimo establecido ao respecto.

4.2. Artigo 48 NORMAS DE CALIDADE URBANA.

a. A ordenación proposta cumpre as condicións establecidas polas Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia (Decreto 29/2010 do 4 de marzo).

A condición de vivenda exterior ven fixada pola remisión ás ordenanzas de referencia e por ser de obrigado cumprimento as condicións do Título 6, capítulo 6.7. condicións de calidade e hixiene dos edificios.

As edificacións proxectadas (bloque aberto e unifamiliares) permiten que as futuras vivendas que se poidan proxectar teñan a condición de vivenda exterior. Todas darán a rúas e espazos libres públicos ou espazos libres privados nos que se pode inscribir un círculo maior que 0,7H (H correspondente a V plantas 18,5x0,7 = 12,95m).

Existe un apartado na Memoria Xustificativa do Plan Parcial, ó 2.3.6. Cumprimento das Normas do Hábitat Galego adicado a este aspecto.

b. Os viarios principais da ordenación teñen 16m, e máis como o vial da Universidade.

c. A ficha contida no PXOM prevé a mixtura de tipoloxías edificatorias, bloque aberto e vivenda unifamiliar. Dentro da vivenda unifamiliar a ordenación proposta introduce a tipoloxía de vivenda en fileira e vivenda aislada. O resultado é a mistura de diferentes tipoloxías edificatorias. No que atinxe aos usos, o PXOM establece para o sector o uso residencial ao 100%. Nembargantes dentro das ordenanzas da vivenda colectiva, nos bloques nos que se sitúa a vivenda libre, as ordenanzas do plan parcial permiten unha compatibilidade de usos, dentro dos permitidos pola ordenanza de referencia (ordenanza 6) e a posibilidade de usos terciarios e dotacionais en edificio independente, tamén permitidos pola ordenanza de referencia. No caso dalgunhas vivendas unifamiliares aisladas tamén permítense certa compatibilidade de usos.

Con todo, o uso característico asegúrase, xa que a parte da edificabilidade residencial na que non está permitida a compatibilidade supera o 50% (neste caso o 65% aproximadamente).

d. ACCESIBILIDADE:

O apartado 2.3.5. da Memoria Xustificativa do Plan Parcial xustifica o cumprimento da ordenación proposta ao establecido na lei 8/1997 de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras e no seu reglamento de desenvolvemento, decreto 35/2000 de 28 de xaneiro, no que se refire as pendentes dos novos viais, anchos das beirarrúas, itinerarios peonís, previsión de prazas de aparcamento adaptadas, e fai indicacións das condicións do mobiliario urbano que terá que definir o correspondente proxecto de urbanización.

e. As infraestruturas eléctrica, telecomunicacións, etc proxéctanse soterradas.

5. DATOS DERIVADOS DA ORDENACIÓN PROPOSTA, COMPROBACIÓN DOS PARÁMETROS ESTABLECIDOS NA FICHA DE XESTIÓN DO PXOM.

	ORDENACIÓN	FICHA
Superf. delimitada	127.679 m ² .	127.653 m ² .
Superf. Comp. Aprov. tipo	112.955 m ² .	113.089 m ² .
Edificabilidade total	74.039 m ² .	74.038 m ² .
Aproveitamento tipo	0,655 m ² /m ² .	0,655 m ² /m ² .
Vivenda colectiva	58,79%	Máx 60%
Vivenda protexida	38%	Mín.38%
Uso residencial	100%	100%
Zonas Verdes e E.L.	17.261 m ² .	13.327 m ² .
Equipamentos	7.706 m ² .	7.404 m ² .
Aparcamentos	424 prazas	370 prazas
Andares máximos	5 plantas	5 plantas

6. CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NA NORMATIVA URBANÍSTICA DO PXOM PARA NOVOS DESENVOLVEMENTOS E NORMAS DE URBANIZACIÓN.

- ▣ CUMPRIMENTO DO ARTIGO 4.1.8. Obxecto, contido e documentación dos Planes Parciais:

A documentación presentada cumpre co establecido no indicado neste artigo.

- ▣ TÍTULO VII DA NORMATIVA DO PXOM:

Beirarrúas: O ancho das beirarrúas máis estreitas é 2m, polo tanto cúmprese o establecido no artigo 7.1.3 da N.U.

O ancho dos itinerarios peonís cumpre o mínimo de 350 centímetros e a pendente do 8% (ver páx.86 da memoria xustificativa) existe un vial peonil que non cumpre no que se terá que propoñer tramos graduados e existen conexións alternativas.

Os viais de tráfico atenuado ou con separación de tráfico cumpren o mínimo de oito metros e a pendente máxima do 12% (ver páxinas 83 e seguintes).

Os viais estruturantes teñen 16m e máis. O de nova creación ten unha pendente que oscila entre os 5,09 e ó 6,7% polo tanto menor que 10%.

Existe un vial en fondo de saco maior de cincuenta (50) metros no que se proxecta un espacio que permite o xiro dun vehículo de 10m.

Proxéctase un itinerario para o carril-bici. Este vai paralelo ao SVE (vial da Universidade) pola zona verde, desdóbrase para ter un traxecto que pasa pola zona alta e outro que vai a nivel co vial. Este carril terá continuación no sector adxacente S-80-R Macal. O ancho previsto é 350 cm e máis.

7. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 7.1.15 da NORMATIVA URBANÍSTICA DO PXOM.

O artigo 7.1.15 establece normas específicas para vías do sistema Xeral Viario entre o que se atopa a Vía Parque da Universidade. Estes viais constitúen o denominado sistema xeral viario especial (SVE) dada a súa función estruturante do conxunto de Vigo.

Condições: establécese unha intersección parcial. É un cruce xa existente no que existe unha pequena rotonda proxectase substituír a rotonda por unha intersección parcial, para elo deséñase un carril auxiliar para a saída e a incorporación de vehículos, como cuñas de transición tal e como se expresa no artigo 7.1.15 apartado 2 a).

No que se refire a enlaces a distinto nivel o plan parcial recolle un enlace xa existente que da servizo a solos urbanos consolidados adxacentes polo que non se pode considerar a opción da súa desaparición.

Apartado 4. Condições apra os planeamentos de desenvolvemento.

Proxéctase unha banda de espazo libre entre a aliñación do SVE e a actuación, como mínimo esta banda ten 5 m. Esta banda proxéctase pola zona leste do SVE, onde paralela a esta banda sitúanse unha importante zona verde e un equipamento no que se deberá cumprir o disposto no artigo 7.4.2. da NU.

O tomo correspondente ao estudo de sostibilidade ambiental e paisaxística contén un estudo funcional e paisaxístico (apartado 6) referido ao SVE no que se fai referencia aos aspectos sinalados no apartado 4 do artigo 7.1.15 da NU.

8. CUMPRIMENTO DOS ARTIGOS 7.3. E 7.4. DA NORMATIVA URBANÍSTICA.

Artigo 7.3.: SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES.

O plan parcial proxecta cinco parcelas de espazos libres e zonas verdes. A denominada EL4 con 11.646 m² sitúase a carón do vial da Universidade.

A localización dos espazos libres e zonas verdes no plan parcial S-34-R Falcoa ven condicionada polo establecido na ficha e nos pregos de prescrición técnicas; estes inciden no obxectivo de situar estes espazos adxacentes ao SVE. As outras parcelas de espazos libres atópanse entre bloques (EL2 de 4.210m² e EL1 De 721 m²) e ocupando algún espazos de pequena dimensión situados no borde da actuación.

No caso da EL4 inscríbese nela un círculo de diámetro de 30m; esta parcela supón máis do 50% do total das superficies de cesión de zonas verdes. Tal e como se recolle no artigo 7.3.3. da NU.

As outras parcelas de espazos libres e zonas verdes, englobadas nas categorías 1ª e 3ª (artigo 7.3.3. NU), teñen unha superficie superior a 200 m² e pódese inscribir unha circunferencia de ancho de 12m.

9. ESTUDIO DAS CONSECUENCIAS SOCIAIS E ECONÓMICAS. DEREITOS DE REALOXAMENTO. SISTEMA DE EXECUCIÓN.

Existen no ámbito actualmente sete vivendas unifamiliares ocupadas. Nos traballos correspondentes ao levantamento topográfico realizouse unha ficha de cada unha das edificacións existentes coa súa antigüidade e características.

Estas vivendas terán que desaparecer para a execución do plan parcial. Estímase, na memoria do plan parcial, como cantidade global a de 1.620.519,11€, cantidade que

deberá aportar a xunta de compensación para indemnizacións, estas indemnizacións inclúen a obriga de garantir o realoxo dos ocupantes legais destas vivendas.

Por outra banda a o plan parcial na memoria xustificativa propón a división en dúas etapas, a primeira comprende a zona de vivendas unifamiliares, parte leste do sector, co obxecto de que os ocupantes das vivendas actualmente existentes poidan realoxarse dentro do ámbito, na medida que sexa posible, e antes da execución da segunda fase que comprende a zona de vivenda colectiva e que é onde se atopan actualmente as sete vivendas.

O sistema de execución sinalado é o de compensación, sistema recollido na ficha do plan xeral. Polo tanto será a xunta de compensación a que terá que garantir o dereito de realoxo.

10. DEFINICIÓN E TRAZADO DAS REDES DE INFRAESTRUTURAS.

O plan parcial define as redes de infraestruturas, abastecemento de auga, saneamento de augas residuais e pluviais, redes eléctricas, rede de alumado público, rede de telefonía e telecomunicación e rede de gas. Defínense tanto as redes como as conexións cos servizos exteriores.

11. AVALIACIÓN ECONÓMICA

O apartado 8 da memoria xustificativa do plan parcial adícase á avaliación económica e o plan de etapas. No que se refire á avaliación económica recóllense fos custes da urbanización interior, o custo das indemnizacións, os custos das conexións exteriores e outros custos da actuación.

12. ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO

Incorpórase o Estudo de Sostibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico, no que se inclúen como anexos o Estudo Acústico e o Estudo Electromagnético.

Os documentos presentados cumpren coa lexislación vixente, neste sentido a LOUGA obriga a presentación deste estudo no caso de que o plan parcial non se sometera a avaliación ambiental estratéxica. Por resolución emitida polo Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de data 22 de setembro de 2009, declarouse a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica o plan parcial do sector S-34-R "FALCOA", polo tanto o plan parcial inclúe este estudo.

No que atinxe ao estudo acústico, éste cumpre co establecido no RD 1367/2007 de 19 de outubro.

Neste apartado inclúese o estudo de integración paisaxística do SVE.

13. CONCLUSIÓN:

Tras a análise da documentación presentada pódese afirmar que:

- Cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación e co establecido nos pregos de condicións técnicas. O nivel de definición da documentación é adecuada para a súa finalidade.
- O contido recolle as condicións establecidas no que atinxe ao cumprimento de estándares de reservas, establecidas na lexislación urbanística (art 47 e 48 da LOUGA), cumpre tamén os parámetros establecidos na ficha de xestión do ámbito. Cumpre o establecido no PXOM no que atinxe aos planamentos de desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable.

- *O plan parcial responde aos criterios e obxectivos sinalados polo PXOM para o sector.*
- *Cumpre as condicións establecidas na normativa urbanística no que se refire ao Sistema Viario Especial (SVE) e a normativa establecida no PXOM no que atinxe ás normas de urbanización.*
- *Cumpre o establecido nas Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, Decreto 29/2010 do 4 de marzo.*
- *Cumpre o establecido na lei 8/1997 de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras e no seu reglamento de desenvolvemento, decreto 35/2000 de 28 de xaneiro.*
- *Cumpre co establecido no RDLex 2/2008 de 20 de xuño para as actuacións de nova urbanización.*
- *Cumpre co establecido no RD 1367/2007 de 19 de outubro polo que se desenvolve a lei 37/2003 de 17 de novembro do Ruído.»*

X.- O expediente pasa a informe do técnico que subscribe o 16.01.2012 para a formulación da proposta que proceda en Dereito ao órgano competente para resolver.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- *Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; Boletín Oficial do Estado -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLS 2008)*
- *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)*
- *Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 221, de 15.09.1978 (RPU)*
- *Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 27, de 31.01.1979 (RXU)*
- *Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997*
- *Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente; BOE n.º 102, de 29.04.2006*
- *Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia; DOG n.º 94, de 16.05.2007*
- *Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; DOG n.º 139, de 18.07.2008 (LPPG)*
- *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia; DOG n.º 214, de 08.11.1995 (LPCG)*

- Decreto 232/2008, de 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia; DOG n.º 206, de 23.10.2008
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)
- Código civil; BOE n.º 206, 25.07.1889 (CC)
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; BOE n.º 167, de 14.07.1998 (LXCA)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- O «S-34-R FALCOA»

a) O PXOM vixente delimita coa clave «S-34-R FALCOA» un sector de solo urbanizable cunha superficie delimitada segundo a ficha de 127.653 m², cunha superficie total edificable de 74.039 m²c, de uso global característico residencial con tipoloxías edificatorias A, B, C, D, e G (tipoloxía característica A) coas ordenanzas de referencia 4, 6, 7, 9, á que corresponde un aproveitamento tipo de 0,655 m²c/m²s, que constitúe unha área de reparto

A iniciativa para a formulación do seu planeamento de desenvolvemento é pública, polo sistema de compensación dentro do primeiro cuatrienio; o instrumento de planeamento de desenvolvemento correspondente é o plan parcial, en atención ao disposto nos arts. 21.2 e 63.1 da LOUGA, o art. 43.1 do RPU e o art. 11.1.3 das normas urbanísticas do PXOM.

b) A ficha do plan sinala como obxectivo de planeamento e criterios de ordenación que o «S-34-R FALCOA» debe dar cumprimento ao obxectivo estratéxico do PXOM de converter o vieiro de acceso ao Campus As Lagoas-Marcosende en soporte dun novo eixo de desenvolvemento urbano artellando un corredor verde e dotacional, e resolvendo a integración do citado vieiro como vía urbana, recomendando a disposición de parte da cesión local de espazos verdes na beira do mesmo e mantendo, na medida do posible, os pes arbóreos existentes; así mesmo, fixa un límite de intensidade máximo do 60% para o uso residencia de 2ª categoría (edificación multifamiliar ou colectiva).

No apartado de observacións e recomendacións da ficha esíxese a determinación dunha reserva mínima de solo apta para a implantación do 38% da edificabilidade residencial dedicada a vivenda sometida a algún réxime de protección pública, así como o sometemento á avaliación ambiental estratéxica (AAE) -incluíndo a avaliación acústica e electromagnética segundo o art. 4.0.3 das NN.UU. do PXOM-, toda vez que por Resolución de 28 de marzo de 2008 (DOG n.º

92, de 14.05.2008) a Dirección Xeral de Avaliación Ambiental declarou inviable someter o PXOM de Vigo aos trámites da Lei 9/2006, polo que ao abeiro do art. 5.d) da Lei 6/2007 o planeamento de desenvolvemento debe someterse a AAE segundo o criterio do órgano ambiental en cada caso.

2.- Contido do Plan Parcial

a) Segundo se establece no art. 63.1 da LOUGA, constitúe o obxecto dos plans parciais o desenvolvemento do plan xeral mediante a ordenación detallada dun sector do solo urbanizable, co obxecto de regular a súa urbanización e edificación, sendo posible a súa elaboración por iniciativa pública a teor do disposto no art. 21.2 da referida norma; o art. 4.1.8 das NN.UU. do PXOM remítese no tocante ao obxecto, contido e documentación dos plans parciais á normativa urbanística aplicable.

b) O art. 64 da LOUGA recolle as determinacións propias dos plans parciais para o cumprimento do seu obxecto, que deben contemplarse en todo caso:

“[...] a) Delimitación del ámbito de planeamiento, que abarcará un sector completo definido por el plan general.

b) Calificación de los terrenos, entendida como la asignación detallada de usos pormenorizados, tipologías edificatorias y niveles de intensidad correspondientes a cada zona.

c) Señalamiento de reservas de terrenos para dotaciones urbanísticas en proporción a las necesidades de la población y de conformidad con las reservas mínimas establecidas en el artículo 47 de esta ley.

d) Trazado y características de la red de comunicaciones propias del sector y de su enlace con el sistema general de comunicaciones previsto en el plan general, con señalamiento de alineaciones, rasantes y zonas de protección de toda la red viaria.

e) Características y trazado de las redes de abastecimiento de agua, alcantarillado, energía eléctrica, alumbrado público, telecomunicaciones, gas y de aquellos otros servicios que, en su caso, prevea el plan.

f) ...

g) Determinaciones necesarias para la integración de la nueva ordenación con los elementos valiosos del paisaje y la vegetación.

h) Medidas necesarias y suficientes para garantizar la adecuada conexión del sector con los sistemas generales exteriores existentes y, en su caso, la ampliación o refuerzo de dichos sistemas y de los equipamientos y servicios urbanos a utilizar por la población futura. Igualmente deberá resolver los enlaces con las carreteras o vías actuales y con las redes de servicios de abastecimiento de agua y saneamiento, suministro de energía eléctrica, telecomunicaciones, gas, residuos sólidos y otros.

Los servicios técnicos municipales y las empresas suministradoras deberán informar sobre la suficiencia de las infraestructuras y servicios existentes y previstos antes de iniciar la tramitación del plan parcial.

i) Ordenación detallada de los suelos destinados por el plan general a sistemas generales incluidos o adscritos al sector, salvo que el municipio opte por su ordenación mediante plan especial.

j) Plan de etapas para el desarrollo de las determinaciones del plan, en el que se incluya la fijación de los plazos para dar cumplimiento a los deberes de los propietarios, entre ellos los de urbanización y edificación.

Los plazos que se fijen para cumplir los deberes de edificación de las viviendas con protección pública no podrán ser superiores a los que se fijen para edificar las viviendas libres

k) Delimitación de los polígonos en que se divida el sector y determinación del sistema de actuación de acuerdo con lo dispuesto en esta ley.

l) Evaluación económica de la implantación de los servicios y de la ejecución de las obras de urbanización, incluyendo la conexión a los sistemas generales y, en su caso, las obras de ampliación o refuerzo de los mismos.”

c) Polo que respecta á documentación dos plans parciais, o art. 65 da LOUGA sinala que comprenderán os planos de información, incluído o catastral, memoria xustificativa das súas determinacións, estudo de sustentabilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, avaliación económica da implantación dos servizos e execución das obras de urbanización, incluídas as conexións cos sistemas xerais existentes e a súa ampliación ou reforzo, planos de ordenación urbanística e ordenanzas reguladoras necesarias para a súa execución, todos eles co contido que se fixe regulamentariamente.

O segundo parágrafo do artigo referido preceptúa que cando o plan fose sometido a avaliación ambiental estratéxica non será preciso o estudo de sustentabilidade ambiental, impacto territorial e pasaxístico; a 'sensu contrario', o Plan Parcial do «S-34-R FALCOA» debe conter os documentos indicados, xa que o mesmo non foi sometido a AAE pola Decisión de 22.09.2009 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

O art. 57 do RPU preceptúa que as determinacións dos plans parciais serán obxecto de desenvolvemento nos seguintes documentos:

“[...] 1. Memoria justificativa de la ordenación y de sus determinaciones.

2. Planos de información.

3. Planos de proyecto.

4. Ordenanzas reguladoras.

5. Plan de etapas.

6. Estudio económico financiero.”

O RPU dedica os seus artigos 58 a 63 a delimitar contido dos documentos e cuestións formais no tocante á súa forma de presentación.

d) Segundo refire a arquitecta municipal Xefa de Planeamento e Xestión no seu informe de 10.01.2012, o documento elaborado pola empresa redactora cumpre coas determinacións e achega a documentación requirida pola normativa anteriormente indicada, así como cos arts. 47 (calidade de vida e cohesión social) e 48 (normas de calidade urbana) da LOUGA e coas determinacións e NN.UU. do PXOM.

3.- Procedemento de aprobación

a) O art. 64.h) da LOUGA sinala que con carácter previo ao inicio da tramitación do plan parcial debe emitirse informe dos servizos técnicos municipais e empresas subministradoras sobre a suficiencia das infraestruturas e servizos existentes e previstas.

Os ditos informes constan no expediente, segundo se indica nos expositivos IV e VI dos antecedentes do presente informe, polo que se cumpre co citado requisito e resulta procedente o inicio da tramitación.

b) A tramitación propiamente dita ven recollida no art. 86 da LOUGA que indica que o órgano municipal competente, procederá á aprobación inicial do instrumento de planeamento de desenvolvemento e que o someterá a información pública por un período mínimo de un e máximo de dous meses mediante anuncio no DOG e en dous xornais dos de maior difusión na provincia.

Simultaneamente, notificarase individualmente a todos os propietarios de terreos incluídos no ámbito, debendo formar parte a relación de propietarios do plan; durante o mesmo tempo no que se realice a información pública, recabaranse das Administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, salvo que a lexislación sectorial sinala outro prazo.

Os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada; cando con posterioridade ao trámite de información pública se pretendan introducir modificacións que supoñan un cambio sustancia do documento inicialmente aprobado, abrírase un novo trámite de información pública.

Cumpridos os trámites sinalados, o Concello procederá á súa aprobación definitiva.

c) Polo que respecta á avaliación ambiental estratéxica a que se refire o art. 86.1.g), o mesmo foi realizado co resultado que consta nos antecedentes, coa Decisión de 22.09.2009 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sobre a non necesidade de sometemento á avaliación ambiental estratéxica do Plan Parcial «S-34-R FALCOA».

4.- Informes preceptivos segundo a normativa sectorial aplicable

a) Patrimonio cultural

Segundo se detalla no informe de 03.08.2010 da técnico de xestión do Departamento de Patrimonio Histórico, o plan parcial do «S-34-R FALCOA» atópase dentro da área de influencia de dous hórreos con máis de cen anos de antigüidade, incluídos no Catálogo de Edificios, Bens e Elementos Protexidos do PXOM coa seguinte descrición:

- clave 01-0839, sito en Camiño da Pousa, 33 CASTRELOS
- clave 01-0840, sito en Camiño da Falcoa, 77 CASTRELOS

Tal e como se reflicte no informe do Departamento de Patrimonio Histórico, estes bens gozan de protección integral o Decreto 449/1973, de 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os «hórreos» ou «cabazos» antigos existentes en Asturias e Galicia.

Segundo se establece no art. 10 da Normativa do Catálogo do PXOM, o contorno de protección dos hórreos emprazados dentro de parcelas de titularidade privada está definido polos límites do predio no que se sitúen; polo tanto, para que a área de influencia dos citados elementos se superpoña ao contorno do «S-34-R FALCOA», resultaría preciso que as parcelas nas que radican estean incluídas total ou parcialmente dentro do ámbito de referencia.

Obra no expediente un informe da arquitecta municipal Xefa de Planeamento e Xestión no senso de que non existe unha superposición do contorno de protección dos hórreos indicados polo Departamento de Patrimonio Histórico e o do «S-34-R FALCOA».

A xuízo do técnico que subscribe, pese á incorporación automática dos hórreos ao Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia ao abeiro da Disposición Adicional Segunda da LPCG e do art. 9.2 do Decreto 232/2008, de 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, tal incorporación non supón que opere a largura de 50 metros do contorno de protección xenérico aplicable ao patrimonio etnográfico segundo o art. 12.2.a) do citado Decreto. O PXOM de Vigo modula a largura dese contorno de protección no art. 10 da Normativa do Catálogo en función da titularidade da parcela en que se sitúe o hórreo

En atención ás anteriores consideracións, non cabe interpretar que a teor do art. 52.1 da LPCG para a aprobación do Plan Parcial sexa preceptiva a obtención de informe favorable da Consellería de Cultura, por non estar o sector «S-34-R» dentro do entorno de protección dos hórreos indicados definido polo PXOM.

b) Infraestruturas de comunicacións

1. Segundo o art. 10.2 da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de estradas (BOE n.º 182, de 30.07.1988), no suposto de que os proxectos do planeamento urbanístico afecten a estadas estatais, o órgano competente para outorgar a súa aprobación inicial deberá enviar, con anterioridade á dita aprobación, o contido do proxecto ao Ministerio de Fomento, para que no prazo dun mes emita informe vinculante comprensivo das suxestións que estime conveniente; a normativa autonómica, contida na Lei 4/1994, de 14 de setembro, de estradas de Galicia (DOG n.º 210, de 31.10.1994) recolle no seu art. 15.4 unha previsión análoga, referente ás estradas de titularidade autonómica.

O ámbito «S-34-R», segundo se indica no apartado 2.3 da Memoria do Plan Parcial (p. 21 e ss.), non afecta a estradas autonómicas nin estatais, polo que non resulta preceptiva a emisión de informe sectorial en materia de estradas.

2. O ámbito non se atopa na zona de influencia de redes ferroviarias nin instalacións aeroportuarias, polo que non resultan precisos os informes esixidos respectivamente no art. 7.2 da Lei 39/2003, de 17 de novembro, do sector ferroviario (BOE n.º 276, de 18.11.2003) e na Disposición Adicional Segunda do Real decreto 2591/1998, de 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo.

c) Augas de Galicia

O art. 39.1 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG n.º 222, de 18.11.2010), preceptúa que deberá someterse a informe de Augas de Galicia a aprobación e modificación dos plans parciais e especiais que conteñan determinacións co mesmo obxecto que os plans regulados pola citada Lei.

O informe versará exclusivamente sobre os aspectos relacionados coas competencias en materia de auga e obras hidráulicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e terá carácter vinculante exclusivamente nese ámbito; o informe tratará especialmente sobre o respecto polos instrumentos territoriais e urbanísticos do contido da planificación hidrolóxica, así como dos plans de abastecemento e saneamento, cando estes existan.

Nos Antecedentes faise indicación do informe emitido o 09.01.2011 polo Servizo de Planificación Hidrolóxica de Augas de Galicia, relativo ás garantías de abastecemento e saneamento nos ámbitos de desenvolvemento do PXOM denominados «S-28-R PETETA», «S-34-R FALCOA», «S-80-R MACAL», «A-5-31 POULO», e «ZV/B08 AVDA. CASTELAO-AVDA. DE EUROPA». O trámite considérase evacuado, sen prexuízo do resultado do período de información pública.

III.- COMPETENCIA

É competente para adoptar o acordo que a seguir se proporá a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.c) LBRL), a proposta do Consello de Xerencia da XMU (arts. 10.1.d] e j] e 3.1 dos Estatutos da XMU).

PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, proponse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, a adopción do seguinte:

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Plan Parcial «S-34-R FALCOA», de iniciativa municipal, consonte a documentación elaborada por PETTRA, con data febreiro 2010.

SEGUNDO: Ordenar a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e en dous dos diarios de maior difusión da provincia, e notificar de forma individual e simultánea aos propietarios dos terreos afectados.

TERCEIRO: Publicar o acordo de aprobación inicial e apertura do período de información pública na páxina de internet municipal»

O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, en sesión do 02.02.12, acorda someter a precedente proposta á Xunta de Goberno local.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.